



Arquidiócesis de Santiago de Compostela

Sínodo Diocesano

8-10-2016 / 28-1-2017

Documento Final aprobado polo Excmo. e Rvdmo. Sr. D. Julián
Barrio Barrio, Arcebispo de Santiago de Compostela

Siglas utilizadas

- AA Concilio Vaticano II, Decreto *Apostolicam actuositatem*.
- AL Francisco, Exhortación apostólica *Amoris Laetitia*.
- CCE *Catecismo da Igrexa Católica*.
- CD Concilio Vaticano II, Decreto *Christus Dominus*.
- ChL Xoán Paulo II, Exhortación apostólica postsinodal *Christifideles laici*.
- CIC *Código de Dereito Canónico*.
- CT Xoán Paulo II, Exhortación apostólica postsinodal *Catechesi tradendae*.
- CV Bieito XVI, Encíclica *Caritas in Veritate*.
- DGC Sagrada Congregación para o Clero, *Directorio Xeral para a Catequese*.
- DV Concilio Vaticano II, Constitución Dogmática sobre a Revelación Divina *Dei Verbum*.
- EE Xoán Paulo II, Exhortación apostólica postsinodal *Ecclesia in Europa*.
- EEuc Xoán Paulo II, Encíclica *Ecclesia de Eucharistia*.
- EG Francisco, Exhortación apostólica *Evangelii Gaudium*.
- EN Paulo VI, Exhortación apostólica postsinodal *Evangelii Nuntiandi*.
- EV Xoán Paulo II, Encíclica *Evangelium Vitae*.
- FC Xoán Paulo II, Exhortación apostólica *Familiaris consortio*.
- GS Concilio Vaticano II, Constitución pastoral sobre a Igrexa no mundo actual *Gaudium et spes*.
- IC Conferencia Episcopal Española, *A Iniciación cristiá. Reflexións e orientacións*.
- ILXIII Asemblea Xeral Ordinaria do Sínodo dos Bispos, Instrumentum Laboris: *A Nova Evanxelización para a transmisión da fe cristiá*, 2012.
- L Sínodo dos bispos, XIII Asemblea Xeral Ordinaria, *A nova evanxelización para a transmisión da fe cristiá*, Lineamenta.
- LG Concilio Vaticano II, Constitución dogmática sobre a Igrexa *Lumen gentium*.
- LS Francisco, Encíclica *Laudato si'*.

- MV Francisco, Bula *Misericordiae Vultus*.
- NMI Xoán Paulo II, Carta apostólica *Novo millennio ineunte*.
- PDV Xoán Paulo II, Exhortación apostólica postsinodal *Pastores dabo vobis*.
- PO Concilio Vaticano II, Decreto *Presbyterorum ordinis*.
- RBN Conferencia Episcopal Española, *Ritual do Bautismo de nenos*.
- RM Xoán Paulo II, Encíclica *Redemptoris Missio*.
- RC Conferencia Episcopal Española, *Ritual da Confirmación*.
- RP Conferencia Episcopal Española, *Ritual da Penitencia*.
- SCar Bieito XVI, Exhortación apostólica postsinodal *Sacramentum Caritatis*.
- SC Concilio Vaticano II, Constitución sobre a sagrada liturxia *Sacrosanctum concilium*.

1. A renovación pastoral

Nos últimos anos, tanto a Igrexa universal como a nosa Igrexa particular de Santiago veñen sentindo a urxencia dunha profunda renovación pastoral. A escasa fecundidade da acción evanxelizadora está poñendo en cuestión tanto a nosa vida cristiá como o anuncio evanxélico. O Sínodo dos Bispos sobre *A nova evanxelización para a transmisión da fe cristiá* (7-22.X.2012) e a posterior Exhortación Postsinodal *Evangelii Gaudium* (24.XI.2013) do papa Francisco fanse eco desta preocupación e responden a ela, o mesmo ca o Sínodo Diocesano que estamos a celebrar.

Somos conscientes de que unha verdadeira renovación pastoral ha de comezar pola conversión persoal dos protagonistas dela. Porque, efectivamente, como di o Papa Francisco, “sen fidelidade da Igrexa á súa vocación, calquera estrutura nova corrómpeuse en pouco tempo” (EG 26). Neste senso, haberá que proporcionar ao evanxelizador unha formación que o capacite para superar tentacións como a crise de identidade, a desidia egoísta, un pesimismo estéril, a mundanidade espiritual e a división (cf. EG 79-98). Ademais, procurarase o cultivo dunha espiritualidade da escoita (cf. EG 175 y 262), da encarnación (cf. EG 268), da fidelidade, non do éxito (cf. EG 264), da confianza, non do optimismo cego (cf. EG 265), do facer sosegado e responsable, pero non culpabilista (cf. Mt 6, 33); unha espiritualidade que aprecia o pequeno sen nostalxia do grande, da alegría, non da tristura (cf. Fp 4, 4), da comunión e a corresponsabilidade (cf. Xn 15, 4-5; NMI 43-45).

A comunión ha de ser, en primeiro lugar, con Xesucristo, cuxa vida divina nos é comunicada polo bautismo e alimentada nos sacramentos. Pero debe estenderse tamén aos irmáns. Desgraciadamente, esta comunión fraterna no seo da Igrexa, con frecuencia, deixa moito que desexar. Ante estas situacións tan dolorosas, o papa Francisco invítanos a dar testemuño de comunión que se volva atraente e resplandecente, a rezar para acadar a graza de aledarnos cos froitos alleos e mesmo a orar por aquel co que estamos irritados, promovendo así o amor e a evanxelización (cfr. EG 99-101). Esta comunión faise efectiva na medida en que se comparten sentimentos, conviccións e decisións. O Señor enriqueceu ao seu Pobo con múltiples dons e carismas de cara á edificación da Igrexa. Sen a participación de todos na tarefa evanxelizadora e na edificación eclesial, non podemos falar dunha auténtica comunión. Neste senso, un evanxelizador renovado ha de formarse e comprometerse co traballo en equipo. Aínda que se fundamenta na espiritualidade (cfr. NMI 43), a comunión consolídase na corresponsabilidade e explicitase no desenvolvemento das estruturas de participación de todos os ministerios e carismas (cfr. NMI 44-45). Por iso, o papa san Xoán Paulo II convida á Igrexa do terceiro milenio a impulsar a todos os bautizados e confirmados a tomar conciencia da propia responsabilidade activa na vida eclesial (cfr. NMI 46). A comunión corre perigo e degrádase alí onde non se programa en común, onde non se traballa en equipo, cada un dende o seu carisma e ministerio, e en definitiva, onde non se revisan as actividades e se asumen os erros e os retos pendentes.

Para dotar ao evanxelizador dunha formación integral, haberá que ofrecerlle tamén os recursos teolóxicos, litúrxicos, morais e pedagóxicos necesarios para que poida mirar ao mundo e ao home de hoxe con ollos de fe e de misericordia, se afiúce na súa condición de discípulo e apóstolo, e sexa capaz de se comprometer a transformar a realidade con criterios evanxélicos.

Sendo precisa a renovación do evanxelizador, é tamén importante a renovación do estilo e das estruturas pastorais. Imos situar esta renovación pastoral en tres ámbitos: o do anuncio evanxelizador, o das estruturas parroquiais e o das Unidades pastorais (Upas).

I. UN ANUNCIO RENOVADO

A evanxelización responde ao mandato misionero de Xesús: *Ide, pois, e facede discípulos de todos os pobos* (Mt 28, 19). A urxencia da misión foi vivida con distinta intensidade ao longo dos séculos. A cultura maioritariamente cristiá que sinalou o horizonte do noso pobo dende hai décadas, deixou paso a outros modos de entender e vivir a vida. A pastoral de mantemento que daquela tiña sentido e que temperaba a conciencia e a práctica misionera, manifestase hoxe claramente insuficiente. Unha pastoral renovada, ademais de acentuar a dimensión misionera, hase de centrar no esencial, ha de procurar inculturar o Evanxeo, ha de ser personalizada, ha de ser espiritual, máis comunitaria, máis corresponsable, e máis sanadora.

1. Unha pastoral misionera. A nosa acción pastoral ha de ter en conta os distintos niveis de fe nos que se moven os crentes. Ha de atender aos que viven unha fe intensa e sincera a fin de axudalos no seu crecemento. Ha de tomar en consideración tamén aos que, aínda que foron bautizados, non viven as esixencias propias do bautismo, invitándoos á conversión. Finalmente, respecto aos que non coñecen a Xesucristo ou sempre o rexeitaron, a Igrexa ten o deber de anunciarlles a novidade do evanxeo (cf. EG 14).

Estanos custando abrir canles a novas formas de pastoral que teñan en conta esta pluralidade e que fagan fronte debidamente ao reto dos afastados e dos que non foron iniciados na fe. Nesta situación, convén lembrar as palabras do papa Francisco: a actividade misionera “representa aínda hoxe o maior desafío para a Igrexa e a causa misionera debe ser a primeira”... Xa “non podemos quedar tranquilos na espera pasiva nos nosos templos”, senón que fai falta pasar “dunha pastoral de mera conservación a unha pastoral decididamente misionera” (EG 15). Non debemos ficar dentro do templo ou do despacho agardando que os fieis entren, debemos saír á porta e convidalos a entrar para que se atopen con Xesucristo e coa súa Igrexa. Esta pastoral ha de abandonar o “sempre se fixo así” e “repensar os obxectivos, as estruturas, o estilo e os métodos evanxelizadores das propias comunidades” (EG 33). Debemos saír ás periferias a anunciar o Evanxeo abandonando a seguridade do propio templo e deixando atrás unha pastoral de conservación (cfr. EG 15. 20). Unha Igrexa en saída ha de “*primeirar*”, é dicir, tomar a iniciativa, saír ao encontro das persoas como o fixo Xesús coa muller samaritana; “*involucrarse*”, isto é, implicarse no servizo ao irmán; “*acompañar*” aos que camiñan ao noso lado, quizais sen esperanza como os discípulos de Emaús, para meterse na súa problemática, axudalos a lela dende a fe, e abrirse ao futuro con esperanza; “*frutificar*”, é dicir, discernir a presenza do Espírito e traballar para que se fagan realidade os seus froitos sen caer nas queixas estériles; e, en definitiva, “*festexar*”, celebrar a salvación de Deus.

2. Unha pastoral centrada no esencial. Aínda sen mutilar a integridade da Mensaxe (cf. EG 39), unha evanxelización renovada ha de priorizar os contidos, os momentos celebrativos e os compromisos esenciais da fe. Confírmano as palabras do Papa Francisco:

cando se asume un obxectivo pastoral e un estilo misioneiro, o anuncio concéntrase no esencial, que é o máis fermoso, o máis grande, o máis atraente e ao mesmo tempo o máis necesario (EG 35). O núcleo fundamental do Evanxeo constitúeo o amor salvífico de Deus manifestado en Cristo morto e resucitado e, no terreo moral, a virtude da misericordia (cf. EG 37). Sen esquecer que o obxectivo de todo anuncio é levar ao encontro con Xesús; con El, “sempre nace e renace a alegría” (EG 1).

3. Inculturación do Evanxeo e piedade popular. O Evanxeo non só debe iluminar e guiar a vida persoal do fiel cristián, ha de encarnarse nas distintas realidades sociais e culturais para ser fermento e semente de vida e amor. Tendo en conta que a fe non só ten un alcance persoal, senón público, preséntasenos o reto de inculturar o evanxeo. Desgraciadamente, como di o beato Pablo VI, hai unha ruptura entre Evanxeo e cultura que constitúe “o drama do noso tempo” (EN 20). De aí a “necesidade de evanxelizar as culturas para inculturar o Evanxeo” que sinala o Papa Francisco (EG 69). Aínda recoñecendo que o verdadeiro protagonista da inculturación é o Espírito Santo, temos que empeñarnos nela, sabendo acoller o positivo, avaliar á luz do Evanxeo o ambiguo e discernir o que é incompatible coa fe cristiá.

Unha das expresións máis nítidas de inculturación da fe constitúea a piedade popular, que é froito do Espírito Santo pola acollida da mensaxe evanxélica. O Evanxeo inculturado nela adquire ademais unha grande forza evanxelizadora: “na piedade popular, por ser froito do Evanxeo inculturado, subxace unha forza activamente evanxelizadora que non podemos subestimar: sería descoñecer a obra do Espírito Santo” (EG 126).

4. O anuncio e o acompañamento persoal. Nunha cultura de cristiandade, a transmisión da fe estaba máis ou menos garantida pola propia familia e as estruturas pastorais. Na situación actual, faise cada vez máis necesario un anuncio personalizado. Neste senso, convén lembrar as palabras do Papa Francisco na XMX de Río de Janeiro: “É decisivo lembrar –dixo aos bispos católicos de Brasil– que un legado é como a testemuña, a posta na carreira de relevos: non se lanza ao ar e quen consegue agarralo, ben, e quen non, queda sen el. Para transmitir o legado hai que entregalo persoalmente, tocar a quen se lle quere dar...” (Río de Janeiro, 27.VII.2013).

Para persoas crentes e ben integradas na Igrexa pode ser dabondo un anuncio xenérico do Evanxeo. Agora ben, atendendo á orixinalidade de cada ser humano e das circunstancias nas que vive e situándose nunha perspectiva de crecemento espiritual, este tipo de transmisión da fe é insuficiente a todas luces (cfr. EG 14). O anuncio personalizado é signo de respecto e valoración da liberdade persoal. Xesucristo é modélico tamén nisto. Lémbrese, por exemplo, como chamou un a un aos seus discípulos e como acompañou aos discípulos de Emaús. “Hoxe –di o Papa Francisco– fai falta unha Igrexa capaz de acompañar, de ir máis aló do mero escoitar; unha Igrexa que acompañe no camiño poñéndose en marcha coa xente; unha Igrexa que poida descifrar esa noite que entraña a fuxida de Xerusalén de tantos irmáns e irmás; unha Igrexa que se dea de conta de que as razóns polas que hai quen se afasta, conteñen xa en si mesmas tamén os motivos para un posible retorno...” (Discurso aos bispos católicos de Brasil, Río de Janeiro, 27.VII.2013).

5. Unha pastoral da misericordia. O Pai “rico en misericordia” (Ef 2, 4), compadecido do extravío dos homes, envioulles ao seu propio Fillo para redimírnos do pecado e da morte. Xesucristo, revela a misericordia de Deus Pai (cfr. MV 1; cfr. DV 4). Os cristiáns sempre temos necesidade de contemplar o misterio da misericordia; desta contemplación nacerá a alegría, a serenidade e a paz, nacerá a salvación (cf. MV 2). Tamén debemos celebrar o amor misericordioso de Deus, sobre todo na eucaristía e a penitencia. Non ha de faltar na nosa vida e na nosa pastoral tampouco o anuncio. Anunciar o evanxeo da misericordia é unha urxente necesidade na nosa Igrexa: “A Igrexa ten a misión de anunciar a misericordia de Deus, corazón latecante do Evanxeo, que polo seu medio debe acadar a mente e o corazón de toda persoa... No noso tempo, no que a Igrexa está comprometida na nova evanxelización, o tema da misericordia esixe ser proposto unha vez máis con novo entusiasmo e cunha renovada acción pastoral. É determinante para a Igrexa e para a credibilidade do seu anuncio que viva e testemuñe en primeira persoa a misericordia. A súa linguaxe e os seus xestos deben transmitir misericordia para penetrar no corazón das persoas e motivalas a reencontrar o camiño de volta ao Pai” (MV 12). Finalmente, a Igrexa procura facer seu o comportamento do Fillo de Deus. Nun contexto no que se tende a ignorar o perdón e a permanecer insensibles ante os males alleos, nun mundo no que se globaliza a indiferenza perante a enorme praga de feridos que nos rodea, “requírese [...] unha Igrexa capaz de redescubrir as entrañas maternas da misericordia. Sen a misericordia, pouco se pode facer hoxe para incluírse nun mundo de ‘feridos’ que precisan comprensión, perdón e amor” (Discurso aos bispos católicos de Brasil, Río de Janeiro, 27.VII.2013).

6. Unha pastoral máis espiritual, comunitaria, corresponsable e sanadora¹. Efectivamente, a nosa pastoral debe ser máis confiada e esperanzada dende a apertura ao Espírito de Deus, hase de soste na acción comunitaria e corresponsable de todos os ministerios e carismas, e coidar especialmente dos que teñen unha maior responsabilidade no seo da comunidade, xa que, como di o Papa Francisco, “precisamos crear espazos motivadores e sanadores para os axentes pastorais...” (EG 77).

II. RENOVAR AS ESTRUTURAS: A PARROQUIA

Ademais de afectar ao estilo pastoral, a renovación debe alcanzar ás estruturas e, particularmente, á máis importante delas: a parroquia. O Papa Francisco lembrounos que todas as comunidades están chamadas a unha conversión pastoral (cf. EG 25). O horizonte desa conversión márcase sen dúbida a fidelidade á propia vocación.

1. Importancia da parroquia. Antes ca unha estrutura, un territorio, un templo, unha organización, a parroquia é “unha comunidade de fieis constituída de modo estable na Igrexa particular, cuxa cura pastoral, baixo a autoridade do bispo diocesano, encoméndase a un párroco, como o seu pastor propio” (CIC 515, 1). Representa, dalgún xeito, á Igrexa visible establecida en toda a terra (cf. SC 42). En definitiva, é a mesma Igrexa que vive entre as casas dos seus fillos e fillas (cf. ChL 26). A súa importancia é fundamental. Na parroquia están presentes os elementos fundamentais que constitúen a Igrexa e é a través dela como a maioría da xente entra en contacto coa comunidade eclesial. Pero, ao mesmo tempo, é insuficiente porque é incapaz de realizar por si mesma toda a misión evanxelizadora. Por iso precisa artellarse con institucións intermedias como o arceprelado e a zona pastoral e, certamente,

¹Bispos vascos, Carta Pastoral “Renovar as nosas comunidades cristiás”, Bispado de Vitoria, 2005, 99.

coa Igrexa nai que é a diocese. Ademais, precisa ser potenciada polas asociacións, os movementos e as novas comunidades.

2. A parroquia é unha comunidade eclesial. Unha das notas definitorias da Igrexa e, polo tanto, tamén da parroquia, é a comunión nacida do amor intratrinitario e da presenza do Espírito Santo. Desgraciadamente, hai indicios de que esa comunión é manifestamente mellorable: existen nela olladas superficiais e “políticas” que ignoran o misterio que a identifica e move, falla a corresponsabilidade, a miúdo dáse a autarquía e a falta de coordinación con outras instancias pastorais, que aplican criterios alleos á normativa diocesana, etc.

3. A parroquia é unha comunidade crente. Está formada por persoas que se atoparon con Xesucristo, que confían nel, que se incorporan ao seu corpo que é a Igrexa e que dan testemuño co seu seguimento. Tamén neste punto habemos de recoñecer, sen embargo, as súas debilidades. Certamente, a maior parte dos nosos fregueses teñen unha fe raquíca e desvalorizada, non se recoñecen membros da Igrexa e levan unha vida afastada de Cristo e do seu Evanxeo (cf. RM 34). Esta debilidade da fe repercute directamente na súa transmisión ás novas xeracións.

4. A parroquia é unha comunidade celebrante e orante. Polo bautismo, todos os fieis participan do sacerdocio de Xesucristo. Toda a comunidade celebra (cf. CCE 1140), pero cada un segundo a función que lle corresponde. O Concilio Vaticano II valora a celebración litúrxica da Igrexa como a “acción sagrada por excelencia” (SC 8), polo que ten a primacía real sobre a vida eclesial. S. Xoán Paulo II di que a parroquia é unha comunidade eucarística (cf. ChL 26), e que a Eucaristía está no centro do proxecto de crecemento da Igrexa (EEuc 21). Ao seu carón habemos de situar o resto das celebracións sacramentais. A parroquia é tamén unha comunidade orante. Sen a oración é imposible manter o Espírito de Deus en nós e o espírito misionero da parroquia. Relevante neste senso é a piedade popular, valorada polo papa Francisco como encarnación da fe nunha cultura e como elemento evanxelizador (cf. EG 123).

Lamentablemente, con todo, debemos constatar que é reducido o número dos cristiáns que participan na celebración eucarística. Ademais, moitos acusan pasividade, rutina e superficialidade. Unha valoración semellante merece a participación no resto dos sacramentos. Ademais, na piedade popular, aínda que goza de boa saúde, soe predominar o sentimentalismo, o protagonismo persoal e a desvinculación coa liturxia.

5. A parroquia é unha comunidade comprometida. Está profundamente enxerida na sociedade humana e é solidaria coas súas aspiracións e dramas. Por ser unha comunidade que vive a caridade, ha de priorizar a súa atención aos pobres e aos enfermos. Cristo identifícase con eles (cf. Mt 25) e pídenos unha opción preferencial que se ha de concretar na proximidade real e cordial (cf. EG 199), na “atención relixiosa privilexiada” (EG 200), e na loita pola superación das causas estruturais da pobreza (cf. EG 202). Esta atención aos enfermos e aos pobres non será completa se non se promove unha ecoloxía integral, xa que como dixo con claridade o papa Francisco, existe unha “íntima relación entre os pobres e a fragilidade do planeta” (LS 16). Tamén nese ámbito as nosas parroquias padecen deficiencias nunha insuficiente encarnación, na falta de presenza pública dos fieis, e nun mellorable compromiso cos pobres e os enfermos.

6. A parroquia é unha comunidade corresponsable. Aínda que a responsabilidade ten distinto grao, todos os bautizados somos corresponsables na marcha da Igrexa e no cumprimento da súa misión pastoral. Polo tanto, a presenza e a acción dos relixiosos e dos

segrares nela non poden obedecer a razóns tácticas, senón á súa propia natureza. As nosas parroquias non serán misioneiras nin realizarán convenientemente a súa misión se non se ensancha a franxa do suxeito evanxelizador para incluír aos relixiosos e aos segrares (cf. EG 31). Debemos recoñecer, porén, que a nosa pastoral segue centrada maioritariamente nos presbíteros. A escaseza de consellos de asuntos económicos e de pastoral dificulta a corresponsabilidade laical.

7. A parroquia é unha comunidade misioneira. A Igrexa “existe para evanxelizar” (EN 14). A parroquia o mesmo. O mandato misionero de Xesús segue vivo (cf. Mt 28, 19) e hase de substanciar na oferta do primeiro anuncio, a catequese, e a formación teolóxica e pastoral. A resposta que está a dar a nosa Igrexa e as nosas parroquias, tamén neste punto é mellorable. Por iso o papa Francisco propón unha renovación pastoral e misioneira (cf. EG 27), ao mesmo tempo que denuncia un tipo de pastoral maioritario que pon o acento en atender aos que xa están dentro e que ignora aos que, de maneira case imperceptible, se foron afastando, e aos que aínda non coñecen a Xesucristo e o seu evanxeo.

Neste senso, son competencias ou tarefas da parroquia:

1. *Cultivar a comunión.* Como a Igrexa, a parroquia é un misterio de comunión. Para ser fiel á súa identidade ha de cultivar a espiritualidade da comunión e situar a eucaristía no centro da vida parroquial. Por outra banda, tendo en conta que está formada por seres humanos, ha de favorecer as relacións interpersoais, a constitución de grupos de vida e a acollida de movementos e asociacións. En orde a superar a autarquía, deberase cultivar tamén o sentido de pertenza a institucións como a Unidade Pastoral, o arciprestado e, sobre todo, a Igrexa particular.

2. *Transmitir e alimentar a fe.* A parroquia é tamén unha comunidade crente. A súa renovación requirirá redescubrir a fe como un agasallo, anunciarla e vivila coherentemente. Hase de aplicar na evanxelización e particularmente na Iniciación cristiá e a catequese de adultos. A situación que estamos a pasar reclama a prioridade do ministerio da Palabra, sen esquecer a pastoral familiar e a incidencia social da fe.

3. *Mellorar as celebracións da fe e educar na oración.* A parroquia é tamén unha comunidade celebrante e orante. Neste senso, a renovación parroquial pasa por dignificar a eucaristía dominical e as demais celebracións litúrxicas, ensinar a orar dende a vida e para a vida, e respectar, coidar e purificar a piedade popular.

4. *Dialogar, transformar as estruturas e atender aos enfermos e aos pobres.* Como comunidade comprometida, a Igrexa debe dialogar coas culturas e os ambientes estraños e ata contrarios á fe cristiá. Correspóndelle tamén a tarefa de transformar as estruturas económicas, políticas, culturais e sociais deste mundo segundo o evanxeo. Ao mesmo tempo ha de atender aos enfermos e aos pobres. Esta atención non será completa se se ignora a promoción dunha ecoloxía integral.

5. *Promover a corresponsabilidade laical.* A parroquia é unha comunidade corresponsable. Faise preciso camiñar cara unha maior corresponsabilidade dos segrares. Esta non chegará sen redescubrir o bautismo e as esixencias que comporta e sen superar o clericalismo. Expresión efectiva desa corresponsabilidade será a creación e funcionamento dos consellos económicos e pastorais.

6. *Converterse á misión.* Finalmente, como comunidade misioneira que é, a parroquia ha de ser unha comunidade en saída, que busca aos que non coñecen a Cristo e aos afastados,

que os serve, os acompaña, os forma segundo a figura de Cristo, e festexa a alegría da salvación.

III. UNHA NOVA ESTRUTURA: A UNIDADE PASTORAL (Upa)

Afirmamos con anterioridade o carácter insustituíble das parroquias, pero tamén temos dito que son insuficientes. Esa insuficiencia advírtese, sobre todo, cando se amosan incapaces de asegurar algún dos elementos fundamentais que a constitúen. Isto ocorre de feito nun bo número de parroquias do noso mundo rural e mesmo aparece como ameaza sobre algunhas do centro das nosas cidades.

1. Identidade e razón de ser das Unidades pastorais (Upas)

Para responder a deficiencias como o excesivo parroquialismo e a falta de comunión eclesial, o forte protagonismo clerical na acción pastoral, e a diminución e avellentamento da poboación rural e dos sacerdotes, naceu a Upa. A Upa, realidade intermedia entre o arciprestado e a parroquia, é unha comunidade de fieis, antes ca unha realidade territorial, unha agrupación de parroquias que conservan os seus dereitos e deberes, encomendada a un párroco ou a un grupo sacerdotal, que se unen con vistas á axuda mutua e á acción común. Os seus fins son: facilitar a misión evanxelizadora da Comunidade, o que se fai inviable en comunidades pequenas, empobrecidas e incapaces de desenvolver unha pastoral sectorial e especializada; desenvolver a eclesioloxía de comunión do Concilio Vaticano II superando o parroquialismo e favorecendo o desenvolvemento da vida relixiosa e os ministerios laicais e a súa colaboración na evanxelización; e, finalmente, facer máis patente, en cada lugar, á Igrexa de Cristo, a través do testemuño de vida en fraternidades sacerdotais e o traballo en común en equipos apostólicos.

En primeiro lugar, as Upas pretenden facilitar a misión evanxelizadora da Igrexa. Ela existe para evanxelizar; sen embargo, a imposibilidade de poñer en exercicio os distintos ministerios pastorais, a incapacidade de moitas parroquias para construír unha auténtica comunidade por escaseza de fieis, fai imposible esa misión evanxelizadora. Para contar cunha comunidade suficiente e cos ministerios de lectores, acólitos, cantores, etc., así como co ministerio insubstituíble dun sacerdote, precísase, en moitos casos, dilatar os límites da propia parroquia.

En segundo lugar, as Upas permitirannos afondar na comunión eclesial superando o parroquialismo e o clericalismo. O papa san Xoán Paulo II propuxo á Igrexa ao comezo do terceiro milenio “facer da Igrexa a casa e a escola da comunión” (NMI 43). Haberá que superar, en primeiro lugar, o parroquialismo. Como reconece o *Directorio para o ministerio pastoral dos Bispos*, as Upas poden axudar a “promover formas de colaboración orgánica entre parroquias limítrofes” (n. 215). Brindarannos tamén a oportunidade de desenvolver a vida relixiosa e os ministerios laicais e a súa colaboración na evanxelización. A comunión non pode ser meramente espiritual, precísase poñer en exercicio a corresponsabilidade a través de estruturas participativas. Tamén o sinala san Xoán Paulo II: “os espazos de comunión han de ser cultivados e ampliados día a día, a todos os niveis, na armazón da vida da Igrexa [...] Para iso débense valorar cada vez máis os organismos de participación previstos polo Dereito canónico, como os consellos Presbiterais e Pastorais” (NMI 45).

E, ao fin, as Upas farán máis patente en cada lugar á Igrexa de Cristo a través das fraternidades sacerdotais e os equipos apostólicos. Xa o Concilio Vaticano II pedía que se fomentara entre os sacerdotes algún xeito de vida en común ou de convivencia, que pode revestir moitas formas, segundo as necesidades persoais ou pastorais, “a saber, a convivencia, onde fora posible, ou a mesa común ou, polo menos, as reunións frecuentes e periódicas” (PO 8). “Hoxe –asegura na mesma liña san Xoán Paulo II– non se pode deixar de recomendar vivamente [*as formas de vida común entre os sacerdotes*] sobre todo entre aqueles que viven ou están comprometidos pastoralmente no mesmo lugar. Ademais de favorecer a vida e a acción apostólica, esta vida común do clero ofrece a todos, presbíteros e diáconos, un exemplo luminoso de caridade e de unidade” (PDV 81; cf. CD 30; PO 8; CIC 550,2).

As Upas ofrecen tamén unha boa oportunidade para a constitución de equipos apostólicos formados por sacerdotes, relixiosos e fieis leigos (cf. PO 9).

2. As Upas na diocese de Santiago

O conxunto dos datos estatísticos referidos á Arquidiocese de Santiago de Compostela revela a situación actual da parroquia rural. Temos observado unha rede parroquial moi densa, espallada e encravada, na súa meirande parte, no medio rural. O número elevado de parroquias, moitas delas cun número de habitantes moi reducido, así como a dispersión das mesmas, constitúe un verdadeiro problema á hora de ofrecer un digno servizo pastoral. Nas últimas décadas estamos a asistir a unha fonda crise desta institución, tanto na súa dimensión eclesiástica como social, que sen dúbida se verá agravada ante a inexorable redución de sacerdotes en activo, xunto á elevada idade media dos mesmos. Esta situación urxe como medida indispensable establecer unha nova planta parroquial e/ou de Upa. Trátase de elaborar unha distribución parroquial nova atendendo ás posibilidades reais de atención pastoral ás mesmas, neste senso, resultará prioritario considerar o número e idade dos sacerdotes e a súa axeitada distribución.

A nova organización parroquial poderase realizar por medio da fusión efectiva de parroquias ou por medio de Upas ou conxunto de parroquias limítrofes, que conservarían a súa personalidade xurídica. Situación esta que podería recomendarse no comezo do proceso, xa que permitiría unha máis doada adaptación ata procurar un encaixe estable da nova estrutura organizativa de base territorial. O obxectivo do proceso de nova planta é, en primeiro lugar, de carácter pastoral – funcional. No futuro, e tendo en conta os resultados obtidos de cada experiencia pastoral, poderíase suxerir a opción da supresión de parroquias, solución que se ve, polo de agora, de difícil realización.

DISPOSICIÓN E ORIENTACIÓN PASTORAIS

1. Aparece como urxente e prioritaria a renovación pastoral na nosa diocese. Para que esta renovación sexa efectiva, vese necesaria a formación integral do evanxelizador. En orde a este obxectivo, deseñárase e porase en marcha un plan de formación a partir do curso 2017-2018.
2. A renovación deberá afectar tamén ás estruturas. Para iso, deben establecerse unidades pastorais (Upa) que agrupen varias parroquias.
3. A Upa, composta por pequenas comunidades parroquiais, terá unha sede central que será elixida segundo as circunstancias de orde pastoral, material e espiritual, e tendo en conta os seguintes criterios:
 - a. Que a sede teña capacidade para realizar unha pastoral sectorial contando con equipos de traballo: liturxia, catequese, Cáritas...
 - b. Que sexa capaz de animar e liderar a acción pastoral da Upa, contando coa posibilidade de dispoñer dos servizos, polo menos, dun presbítero.
 - c. A configuración xeográfica: orografía, proximidade, comunicacións, etc.
 - d. A referencia dos servizos civís: administración, centros sanitarios, centros escolares, comarcas, etc.
 - e. Que dispoña dunha vivenda digna e capaz na que poidan convivir e reunirse varios sacerdotes, con locais ou instalacións axeitadas para as actividades pastorais.
4. Nesta sede central hanse de concentrar, debidamente identificados, ordenados e clasificados, os libros parroquiais das comunidades agrupadas, pero sempre e en cada caso, cada parroquia conservará os seus propios libros de bautizados, de matrimonios e de defuntos (cf. CIC 531 §1), nos que se inscribirán dilixentemente os respectivos bautismos, matrimonios e defuncións, seguindo as prescricións do dereito (cf. CIC 877 §1, 1121 y 1182), así como os libros de contas de cada parroquia, onde se detallarán os ingresos e saídas de cada unha das parroquias que forman a Upa.
5. Nesta sede central debe estar a residencia do sacerdote ou sacerdotes que traballan xuntos na mesma unidade, a menos que iso redunde en grave incomodidade, e o despacho parroquial unificado.
6. No arquivo centralizado de cada Upa custodiaranse debidamente todos os documentos ou expedientes relativos a celebración de sacramentos, licenzas de sepulturas, contratos, inventarios, etc.
7. Cada unha das Upas terá como responsable (párroco) a un ou máis sacerdotes (“*in solidum*” ou párroco e vicario/s parroquiais), dependendo do número de habitantes e comunidades parroquiais que integren a unidade, así como da idade ou situación persoal dos sacerdotes con coidado pastoral na unidade. Tanto no equipo sacerdotal como no resto de equipos de traballo primarán a comunión e a eclesialidade.
8. Ao designar aos sacerdotes valoráranse as características sociais e a ubicación das Upas, os equipos que van colaborar con eles, a sintonía co resto dos sacerdotes e os fieis e a posibilidade de ter unha dedicación exclusiva. No nomeamento terase en conta tamén a nova configuración e o mapa pastoral.
9. Os servizos pastorais deben ser organizados cunha visión de conxunto, programáranse e realizáranse tendo en conta as necesidades reais dos fieis e as posibilidades dos axentes pastorais.
10. Cada Upa ha de contar cun único Consello Pastoral, composto, a ser posible, por representantes de cada comunidade parroquial e comunidades integradas nela.
11. Salvo que nalgún caso concreto se estime mellor mantelos separados, cada unidade terá un só Consello de Asuntos Económicos, o cal administrará as contas de todas as parroquias. Aínda que cada parroquia conserve a súa autonomía económica, hase de ter

en conta o principio cristián da comunicación de bens, respectando os dereitos adquiridos de cada parroquia e a vontade dos doadores. Ademais, establecerase un fondo común que sirva para sufragar os gastos propios da Upa. Terase en conta a posibilidade de dotar á sé da Upa do necesario para o seu funcionamento con cargo a ese fondo.

12. Como norma xeral, a eucaristía dominical e das festas de precepto celebraranse na sede central de cada unidade e a unha hora fixa. Nas demais igrexas celebraranse outras misas dominicais ou de precepto de xeito habitual, alternativo ou rotativo, segundo o requiran as circunstancias. Tras un proceso de formación e preparación, en determinados casos, tamén cabería a opción de celebrar a eucaristía dominical unicamente na sede central.
13. Co fin de asegurar no posible a celebración do Día do Señor, naquelas parroquias onde non se poida ter a celebración eucarística, considerarase a posibilidade das celebracións dominicais en ausencia de presbítero, dando protagonismo ao diaconado permanente e aos leigos significados e comprometidos das comunidades.
14. É de desexar que a Vixilia Pascual e outras solemnidades de especial relevancia, así como o sacramento da confirmación, as celebren unidas todas as parroquias da Upa.
15. En todas as parroquias asegurarse a celebración das festas patronais e locais o día sinalado, así como as exequias dos fieis e o primeiro aniversario.
16. Nos días laborables, os sacerdotes celebrarán tamén a eucaristía previamente programada nas distintas comunidades de xeito rotatorio e coa frecuencia conveniente, tendo en conta a asistencia dos fieis.
17. Os sacerdotes dedicarán o tempo oportuno para desempeñar nos días laborables outras actividades pastorais como a visita aos enfermos, a atención sacramental ás persoas que o requiran ou o exercicio dalgúns prácticas de piedade.
18. Cada Upa debe fixar o lugar ou lugares, datas e horas da catequese da iniciación cristiá (nenos, mozos e adultos) e as catequese de preparación inmediata para a recepción dos distintos sacramentos. Estas catequese, con criterios de unidade e de integración, hanse de realizar de acordo coas orientacións catequéticas e pastorais da diocese.
19. A proposta do responsable da parroquia ou da Upa, o Bispo diocesano poderá designar algunhas persoas idóneas como moderadoras das celebracións dominicais en ausencia de presbítero (cf. CIC 230 §3; 759) ou como ministros extraordinarios da comunión (cf. CIC 230 §3; 910 §2). De igual xeito, algúns fieis, caracterizados pola súa conduta cristiá exemplar e debidamente preparados, poderán ser encargados polo párroco do servizo da catequese (cf. CIC 776) e doutras funcións. Todas estas persoas, sexa a tempo parcial, ou con dedicación completa, están chamadas a ser os primeiros colaboradores e os máis asiduos axentes pastorais, xunto cos sacerdotes, nas súas propias comunidades e no conxunto da Upa.
20. O párroco, por medio da comisión de liturxia, debe procurar que en cada igrexa haxa algunha persoa ou familia que se responsabilice do digno mantemento e conservación do templo e doutras dependencias parroquiais.
21. A colaboración dos leigos, baixo a guía dos pastores, debe chegar tamén ao campo da acción caritativo-social. Neste senso, será conveniente establecer en cada Upa unha Cáritas e, se se cre conveniente, un equipo de pastoral da saúde. Tamén se podería crear un voluntariado para levar a aqueles fregueses que por razón de idade ou enfermidade non poidan desprazarse polos seus propios medios para participar nas celebracións dominicais.
22. Nun primeiro momento, fixaranse as sedes a partir dos criterios sinalados con anterioridade. Posteriormente, cando se desexe poñer en marcha unha Upa determinada, concretaranse as parroquias que a configuran e os demais pormenores. Para a conformación da planta pastoral, contarase cos pastores, os relixiosos e os grupos laicais implicados.

23. Cada Upa ha de contar polo menos co servizo dun sacerdote. Tamén cun equipo apostólico formado polos relixiosos e leigos que asuman os diversos ministerios laicais. Ao deseñar a planta das Upas terase en conta tamén a previsión sobre o número de sacerdotes dispoñibles nun próximo futuro.
24. Aínda que o establecemento da nova planta non signifique que se vaia proceder de inmediato a axustar os antigos nomeamentos ás orientacións expostas, dende logo ha de marcar un horizonte cara o que camiñar a partir do momento da súa aprobación pola autoridade competente.
25. Hai que contar con que algúns elementos como a dispersión xeográfica e o sentido de pertenza ou arraigamento á parroquia poden supoñer un obstáculo na eficiencia do proceso de renovación pastoral. Para superar estes obstáculos, hai que facilitar a formación dos fieis destacando aquilo que xa os une, ofrecerlles información do novo proxecto e das vantaxes que leva consigo, constituír os órganos de corresponsabilidade, programar xuntos e poñer en marcha as actividades conxuntas.
26. Co fin de garantir e apoiar a renovación pastoral é preciso que os sacerdotes e os seus colaboradores máis inmediatos poidan coñecer iniciativas e exemplos de parroquias e Upas, da nosa diocese ou doutras, que foron pioneiras na adopción de medidas e modelos de xestión parroquial exitosos. Para iso a diocese proverá as oportunidades de formación e favorecerá a colaboración e o intercambio de ideas e experiencias.
27. A posta en marcha será prudente e progresiva, comezando por aqueles lugares onde se vexa máis factible e tratando de aprender da experiencia.

2. Transmisión da fe e iniciación cristiá

EVANXELIZACIÓN E TRANSMISIÓN DA FE

Xesús, o Evanxeo vivente de Deus, envanxelizou ofrecendo a boa nova (=Evanxeo) que transfigura ao ser humano, o seu mundo e a súa historia. E, en continuidade coa misión, que á súa vez recibira do Pai, enviou aos seus discípulos para proclamar, coa forza do Espírito, o Evanxeo a toda criatura, ensinándolles a observar todo o que El lles mandara (cf. Mc 16, 15; Mt 28, 20).

Dende entón, a tarefa principal da Igrexa consiste en “continuar a obra evanxelizadora de Xesucristo, facéndoa presente e actual, nas condicións do mundo de hoxe” (LG 11). A evanxelización, polo tanto, define a identidade e misión esencial da Igrexa, a graza e vocación propia da Igrexa, a súa identidade máis profunda. Ela existe para evanxelizar (cf. EN 14).

A evanxelización é unha realidade rica, complexa e dinámica, que comprende momentos esenciais e diferentes entre si: “Habemos de concibir a evanxelización como o proceso, polo que a Igrexa, movida polo Espírito, anuncia e difunde o Evanxeo en todo o mundo, de tal xeito que ela:

- impulsada pola caridade, impregna e transforma toda a orde temporal, asumindo e renovando as culturas;
- dá testemuño entre os pobos da nova forma de ser e de vivir que caracteriza aos cristiáns;
- e proclama explicitamente o Evanxeo, mediante o “primeiro anuncio”, chamando á conversión;
- inicia na fe e vida cristiá, mediante a catequese e os sacramentos de iniciación, aos que se converten a Xesucristo, ou aos que reemprenden o camiño do seu seguimento, incorporando a uns e reconducindo a outros á comunidade cristiá;
- alimenta constantemente o don da comunión nos fieis mediante a educación permanente da fe (homilía, outras formas do ministerio da Palabra), os sacramentos e o exercicio da caridade;
- e suscita continuamente a misión, ao enviar a todos os discípulos de Cristo a anunciar o Evanxeo, con palabras e obras, por todo o mundo” (DGC 48).

A finalidade da evanxelización hoxe e sempre é a transmisión da fe (cf. IL-Prefacio). A boa nova de Xesús é unha mensaxe integral que ofrece un novo coñecemento, unha percepción máis luminosa da realidade; e que produce unha transformación da persoa nas súas esperanzas e actitudes, unha disposición aberta aos demais seres humanos sentidos agora como irmáns. Do mesmo xeito, cando a Igrexa transmite a fe faino en todas as súas dimensións: cognoscitiva, existencial-persoal, litúrxica, moral, espiritual-oracional, comunitaria, misioneira.

Nova etapa evanxelizadora para a Igrexa

Aínda cando Cristo e a súa mensaxe son sempre o mesmo, para que o Evanxeo sexa acollido como boa nova polos homes e mulleres de cada época e lugar, a Igrexa ha de

transmitir a fe atendendo aos signos dos tempos e escoitando as esperanzas e as angustias dos homes de todo tempo e cultura (cf. GS 1). Se a evanxelización é constitutiva do ser e facer da Igrexa, o xeito concreto de realizala depende das peculiaridades de cada época, de cada cultura e de cada ser humano. Deste xeito, cómpre afirmar que, se ben a Igrexa se atopa sempre en estado de evanxelización, cada momento e as súas circunstancias particulares marcan unha nova etapa de evanxelización; e de feito, ao longo da historia é posible identificar diversos momentos nos que se pode comprobar unha aceleración ou recuperación do afán misionero, e que permiten identificar diversos momentos ou etapas evanxelizadoras da Igrexa.

A Igrexa universal ten hoxe conciencia de atoparse nun mundo globalizado, fortemente tecnificado, dixital. Son algúns dos trazos que nos levan a falar de que nos atopamos nun cambio de época e nun novo momento cultural, cunha visión distinta da realidade, das relacións humanas, dos valores sociais e culturais e da percepción do relixioso e da súa presenza pública. A chamada “sociedade de cristiandade” deixou paso a unha sociedade plural e diversa dende todos os puntos de vista, tal e como se sinala na Sección V deste sínodo.

Recollendo esta conciencia da Igrexa, expresada polo rico maxisterio dos papas das últimas décadas, o papa Francisco, na súa primeira Exhortación, dirixíase “aos fieis cristiáns para invitalos a unha nova etapa evanxelizadora” (cf. EG 1, 17, 287), que estea marcada pola “alegría do Evanxeo” que é capaz de encher “o corazón e a vida enteira dos que se atopan con Xesús” (EG 1).

Nova Evanxelización

Particularmente, este proceso de cambio deixouse sentir no Occidente cristián, onde se precisa dunha “nova evanxelización”: “unha situación intermedia (entre a “misión *ad gentes*” e a “atención pastoral”), especialmente nos países de antiga cristiandade, pero ás veces tamén nas Igrexas máis novas, onde grupos enteiros de bautizados perderon o sentido vivo da fe ou incluso non se recoñecen xa como membros da Igrexa, levando unha existencia afastada de Cristo e do seu Evanxeo” (RM 33).

Os *Lineamenta* para o Sínodo sobre “A nova evanxelización para a transmisión da fe cristiá” (2012) lembran que a nova evanxelización non é “facer novamente unha cousa que foi mal feita ou que non funcionou, de xeito que a nova acción se converta nun xuízo implícito sobre o desatino da primeira. A nova evanxelización non é unha reduplicación da primeira, non é unha simple repetición”. Tampouco é “un xuízo de desaprobación” cara certos axentes pastorais; nin unha estratexia “que esconda accións de proselitismo en relación con outras confesións cristiás”; nin unha mentalidade que converte a aqueles que non cren “en obxectos de persuasión, non vistos como interlocutores” válidos (L 5).

A nova evanxelización consiste, en troques, “na coraxe de se atrever a transitar por novos vieiros, fronte ás novas condicións nas que a Igrexa está chamada a vivir hoxe o anuncio do Evanxeo” (L 5). Trátase do “esforzo de renovación que a Igrexa está chamada a facer para estar á altura dos desafíos que o contexto socio-cultural actual pon á fe cristiá, ao seu anuncio e ao seu testemuño, en correspondencia cos fortes cambios en acto. A estes desafíos a Igrexa responde non resignándose, non pechándose en si mesma, senón promovendo unha obra de revitalización do seu propio corpo, tendo posto no centro a figura de Xesucristo, o encontro con El, que dá o Espírito e as enerxías para un anuncio e unha proclamación do Evanxeo por medio de novos camiños, capaces de falar ás culturas contemporáneas” (L 5).

“Polo tanto, a nova evanxelización é unha actitude, un estilo audaz. É a capacidade de parte do cristianismo de saber ler e descifrar os novos escenarios, que nas últimas décadas xurdiron dentro da historia humana, para habitalos e transformalos en lugares de testemuño e de anuncio do Evanxeo.” (L 6).

A novidade da evanxelización, nos nosos días, provén da confrontación coas “transformacións sociais e culturais, que están profundamente modificando a percepción que o home ten de si mesmo e do mundo, xerando repercusións tamén sobre o seu xeito de crer en Deus” (IL 6). Por iso, xunto coa identificación dos interlocutores da evanxelización, requírese ademais ler e descifrar os novos escenarios, os novos areópagos (cf. RM 37; IL 51-75; L 6).

Sínodo diocesano e evanxelización

En camiño sinodal, a nosa Igrexa compostelá abraza con entusiasmo a chamada sempre renovada a ser evanxelizadora, pero tamén a deixarse evanxelizar. A Igrexa que peregrina en Compostela, de certo, quere ser testemuño da alegría do Evanxeo e rostro da misericordia de Deus. Animada como o Apóstolo Santiago pola invitación sempre nova do Señor Xesús: “ide ao mundo enteiro e anunciade o Evanxeo a toda a creación” (Mc 16, 15), sabe que o bo Deus a acompaña pola súa Palabra, no seu Espírito. O mandato perenne a ser “sal da terra e luz do mundo” (cf. Mt 5, 13-14) e fermento evanxélico (cf. Lc 13, 20-21) ínstana a unha nova etapa evanxelizadora.

A nosa Igrexa compostelá atópase ante o reto que supoñen os tempos actuais, pero non se sente máis desamparada cá Igrexa de calquera outro tempo, xa que, confiando no seu Señor, sabe que os desafíos son oportunidades e invitacións a se renovar dende o Espírito para ser capaz, dende o testemuño e a palabra, de transmitir a fe que dá sentido á vida. As transformacións do mundo no que se atopa reforzan a urxencia de acoller con esperanza e ousadía os signos dos tempos.

Consciente de que a prioridade absoluta en dita Evaxelización é anunciar a Cristo, a nosa Igrexa ha de atopar novos xeitos para evanxelizar. A nosa Igrexa, sen renunciar un ápice á súa propia identidade e á tradición apostólica da que provén, debe distinguir entre a esencia do Evanxeo e as herdanzas culturais coas que se foi enriquecendo ao longo dos séculos, para renovarse en fidelidade e así axudar a que nada poida dificultar, ou mesmo imposibilitar, a percepción da Boa Nova por parte dos homes e mulleres do noso tempo.

O ANUNCIO EVANXÉLICO

Segundo o concepto holístico de evanxelización que ofrece a *Evangelii Nuntiandi*, o anuncio evanxélico corresponde ao primeiro momento do proceso evanxelizador. Está dirixido a aqueles que non cren, para suscitar neles a fe e a conversión iniciais. Non é un proselitismo para gañar adeptos, senón que é o testemuño da experiencia da misericordia divina que busca compartirse con todos. Por iso ninguén pode ser evanxelizador, transmisor de boa nova, se non foi antes evanxelizado, é dicir, convencido de que a nova que ten é boa.

O *kerigma* (do grego *kérygma*) é o núcleo ou esencia do anuncio evanxélico. “O *kerigma* é trinitario. É o lume do Espírito que se doa en forma de linguas e nos fai crer en Xesucristo, que coa súa morte e resurrección nos revela e nos comunica a misericordia infinita do Pai” (EG 164). Este adoita presentarse, por primeira vez, en forma dun primeiro anuncio a quen

nunca oíu falar do Deus de Xesucristo, ou téndoo coñecido, por diversas circunstancias se afastou da fe.

O papa Francisco lembra, ademais, que o *kerigma* “debe ocupar o centro da actividade evanxelizadora e de todo intento de renovación eclesial” (EG 164). Por mor desta centralidade, hoxe o *kerigma*, sobre todo nos países vetero-cristiáns, enténdese como unha dimensión transversal e permanente de todas as etapas evanxelizadoras, e non só propia do primeiro momento da evanxelización. Este, polo tanto, debe impregnar a etapa catequética e pastoral. Isto é o que se deu en chamar “dimensión kerigmática”. Como sinala o Papa, “cando este primeiro anuncio é chamado ‘primeiro’, iso non significa que estea ao comezo e despois se esquece ou se substitúe por outros contidos que o superan. É o primeiro nun sentido cualitativo, porque é o anuncio principal, ese que sempre hai que volver escoitar de diversos xeitos e ese que sempre hai que volver anunciar dun xeito ou doutro ao longo da catequese, en todas as súas etapas e momentos” (EG 163).

Hoxe proliferan na nosa diocese diversas experiencias e metodoloxías de primeiro anuncio, non só entre os non crentes, senón tamén entre os bautizados que abandonaron a fe. Con todo, a realidade invítanos a impregnar toda a nosa pastoral ordinaria, mesmo cos crentes e practicantes, dunha dimensión kerigmática. Esta realidade déixase sentir maioritariamente no ámbito da catequese, sobre todo nos primeiros anos.

CATECUMENADO E INICIACIÓN CRISTIÁ

Para a transmisión da fe é fundamental a iniciación dos que, tendo escoitado a mensaxe evanxélica, creron pola fe e a conversión.

Tertuliano afirmou que “os cristiáns non nacen, fanse” (*Apoloxía contra os xentís* 18, 4). Esta convicción da Igrexa dos primeiros tempos do cristianismo levou a que, dende o comezo, os que pola predicación e o anuncio evanxélico chegaran á fe e á conversión realizasen un proceso para chegaren a ser cristiáns. Este itinerario, que adoptou ao longo da historia diversas formas, é o que hoxe se denomina iniciación cristiá.

“A Iniciación cristiá é a inserción dun candidato no misterio de Cristo, morto e resucitado, e na Igrexa por medio da fe e dos sacramentos” (IC 19). Nela podemos distinguir tres ámbitos diversos que a determinan: a iniciativa de Deus (porque é El quen ten a iniciativa e a primacía na transformación interior da persoa e na súa integración na Igrexa); a resposta do ser humano (no proceso tamén se esixe unha resposta persoal) e a mediación eclesial (o don de Deus recíbese polo ministerio da “*Nai Igrexa*”) (cf. IC 9-10).

Entre as diversas formas e procesos de Iniciación Cristiá, resalta nos primeiros séculos a creación do catecumenado bautismal de adultos. Trátase da institución iniciática de carácter catequético-litúrxico-moral, co fin de preparar e conducir aos convertidos adultos, a través dun proceso espazado e dividido por etapas, ao encontro pleno co misterio de Cristo e coa vida da comunidade eclesial. Tiña a súa expresión máxima nos ritos bautismais de iniciación, polos que o catecúmeno recibía nunha única celebración, no sábado santo durante a Vixilia Pascual e normalmente presididos polo bispo, os tres sacramentos de iniciación: Bautismo, Confirmación e Eucaristía.

A xeneralización do bautismo de nenos na antigüidade, levou a unha progresiva disolución do catecumenado a favor dun “catecumenado postbautismal”, que consistía nunha “instrución posterior ao bautismo”, que ten como momento principal a catequese, que busca

“o desenvolvemento da graza bautismal en orde á conversión persoal, no crecemento da persoa” (cf. IC 22) e en orde a completar a iniciación sacramental coa recepción da Eucaristía e a Confirmación, reservada esta última ao bispo.

Deste xeito, a Iniciación cristiá queda organizada nun itinerario catequético e sacramental, e se desenvolve principalmente durante a infancia e a adolescencia. A meta é sempre a confesión de fe e a plena e consciente integración do bautizado na comunión e na misión da Igrexa.

Recentemente, o catecumenado foi restaurado polo Concilio Vaticano II para os países de misión e, a discreción do Bispo propio, para calquera diocese; é a forma prevista tamén para os adultos non bautizados e mesmo para os nenos en idade escolar que piden este sacramento (IC 22).

A Igrexa presenta o catecumenado bautismal como o itinerario típico da Iniciación Cristiá que, coas súas necesarias adaptacións a destinatarios e circunstancias concretas, hase de ter presente como referencia en todo programa para a transmisión da fe.

Na actualidade, debido a que cada vez son máis os adultos que non foron bautizados de nenos, ou non concluíron a súa iniciación, ou abandonaron a fe, ou simplemente precisan reavivala e revivila, o catecumenado de adultos converteuse non só nun reto para a nosa Igrexa diocesana, senón tamén en toda unha oportunidade para a evanxelización. Por iso, sería da maior importancia impulsar unha Oficina Diocesana para o Catecumenado.

Distintas formas de iniciación cristiá

Hoxe, pois, temos fundamentalmente dúas formas de Iniciación cristiá que han de ser adaptadas axeitadamente a cada caso e circunstancia:

- a dos párvulos bautizados nos primeiros meses da súa vida, que completan a súa iniciación para chegar á madurez cristiá ao longo da infancia, a adolescencia e a xuventude, por medio da catequese e coa recepción dos sacramentos da Confirmación e da Eucaristía;
- a Iniciación cristiá de persoas non bautizadas (nenos, mozos ou adultos) que se leva a cabo mediante a participación nun catecumenado, que culmina na celebración dos tres sacramentos da iniciación (cf. IC 23).

Ante as esixencias actuais da evanxelización, cada vez son máis frecuentes outras realidades que requiren ser atendidas axeitadamente: a dos adultos xa bautizados, pero en realidade non catequizados, ou afastados da fe, ou que non completaron a iniciación sacramental (cf. IC 23); ou crentes que precisan profundar na fe.

Fronte á grande diversidade de situacións que se constatan, a Igrexa diocesana debe responder con propostas diversificadas, flexibles e complementarias; coordinadas entre si e, á súa vez, coas institucións eclesiais que dentro do territorio parroquial, pastoral e diocesano traballan no campo da Iniciación e formación cristiás; e todo iso inserto nun proxecto diocesano global, coherente e realista, e acorde co proxecto evanxelizador da Igrexa universal.

Para isto último sería moi oportuno que, ademais de actualizar o actual “Directorio Diocesano dos Sacramentos da Iniciación Cristiá” (1997) naqueles aspectos que por responder a un tempo e circunstancias diversas se poidan modificar, se reconvirta dito Directorio nun

“Directorio Diocesano para a Iniciación Cristiá”, dándolle deste xeito unha perspectiva máis global.

OS SACRAMENTOS DA INICIACIÓN CRISTIÁ

Bautismo

“O santo Bautismo é o fundamento de toda a vida cristiá, o pórtico da vida no espírito (*vitae spiritualis ianua*) e a porta que abre o acceso aos outros sacramentos (CCE 1213).

Dende os primeiros séculos, a Igrexa bautizou aos nenos, ao considerar que non había que privalos da graza da rexeneración que dá acceso á verdadeira liberdade. No Bautismo dos párvulos, maniféstase mellor o amor gratuito do Pai dos ceos cara a alguén que non pode presentar ningún mérito e signifícase, polo tanto, a pura gratuidade da graza da salvación (cf. CCE 1282).

Na situación actual é frecuente que pidan o Bautismo para os seus fillos pais que se profesan católicos, pero que omiten case por completo os seus deberes relixiosos, ou se senten desvinculados da Igrexa, levados do ambiente secularizado, por deixamento ou por falta de formación relixiosa. Mesmo abundan situacións nas que por tradición, por inercias sociais ou familiares, pais que se declaran non crentes solicitan o bautismo para os seus fillos.

Convén nestes casos lembrar, para un axeitado discernimento e procedemento pastoral, que os nenos son bautizados na fe da Igrexa (cf. CCE 1282), que vai máis aló da fe dos seus pais. En todos eses casos, o sacerdote e o equipo de pastoral de Bautismos, con actitude de acollida, comprensión e diálogo pastoral, procurarán suscitar nos pais a súa responsabilidade á hora de coidar a fe do seu fillo unha vez bautizado.

Por outra banda, nestas situacións, o Bautismo dun fillo é unha boa ocasión para suscitar, revitalizar ou renovar a fe de moitos pais, que quizais viven afastados da práctica relixiosa ou non foron educados suficientemente na fe. Por iso, é moi importante que a acollida a estes pais teña todas as características de apertura persoal e de ofrecemento evanxelizador. O párroco e os seus colaboradores na pastoral prebautismal, por medio do diálogo pastoral cos pais e os padriños, mostraranlles a riqueza do Bautismo cunha axeitada preparación catequética e litúrxica, de xeito que vivan plenamente conscientes este acontecemento de graza e acepten as obrigacións que leva consigo.

Neste sacramento, tradicionalmente os *padriños* teñen unha verdadeira función eclesial: a de axudar ao desenvolvemento da graza bautismal xunto cos pais. E a súa importancia é aínda máis decisiva cando os pais dificilmente poden garantir a educación da fe do neno. A elección dos padriños, que corresponde aos pais, non se pode deber a razóns de compromiso social, senón na medida que poidan garantir a perseveranza na fe e na vida cristiá dos seus afillados.

O día axeitado e significativo para bautizar aos párvulos é a Vixilia Pascual, e tamén os domingos de Pascua, a Festa do Bautismo do Señor ou a Solemnidade da Santísima Trindade; son días propios calquera domingo ou a tarde do sábado, que xa participa da liturxia do domingo, pascua semanal. Non é conveniente celebrar os bautizos durante a Coresma, para que se perciba con maior forza a incorporación dos bautizados ao Misterio Pascual.

Eucaristía

A iniciación cristiá culmina co sacramento da Confirmación e a primeira participación plena na Eucaristía. Como sinala o actual *Catecismo* “a Eucaristía é o compendio e a suma da nosa fe: ‘A nosa maneira de pensar harmoniza coa Eucaristía, e á súa vez a Eucaristía confirma a nosa maneira de pensar’ (San Ireneo de Lyon, *Adversus haereses* 4, 18, 5)” (CCE 1327). “A Eucaristía é fonte e cume de toda a vida cristiá” (LG 11). Deste xeito, “os demais sacramentos, como tamén todos os ministerios eclesiais e as obras de apostolado, están unidos á Eucaristía e a ela se ordenan” (PO 5).

Disto dedúcese a necesidade dunha axeitada preparación, a fin de que este sacramento sexa para o neno, a partir deste momento, un alimento espiritual permanente e unha fonte constante de vida cristiá. O obxectivo, polo tanto, non é só a recepción deste sacramento, senón a adhesión persoal ao misterio de Cristo e da súa Igrexa e o conxunto da vida cristiá. É dicir, o obxectivo primordial deste momento pastoral é conseguir que os nenos e as súas familias entendan o misterio de Cristo na Eucaristía, segundo as súas capacidades, para que poidan recibir o Corpo do Señor con fe e devoción ser encamiñados a seguir o proceso da Iniciación Cristiá.

A preparación e celebración da Primeira Comunión realizarase ordinariamente na propia parroquia (cf. CIC 776-777; 917). Ningún sacerdote deberase prestar a admitir a un neno dunha parroquia ou unidade pastoral que non sexa a propia de residencia, ou alí onde a súa familia viva e celebre habitualmente a súa fe, agás por causas xustificadas, e con autorización escrita do párroco do neno.

Confirmación

A Confirmación está intimamente vencellada ao Bautismo e culmina na Eucaristía, porque é un dos tres sacramentos da iniciación cristiá, que se ha de entender como un todo.

A Confirmación non se pode reducir a unha simple ratificación persoal do Bautismo e dos compromisos bautismais, aínda que implica necesariamente a libre resposta do crente que ten uso de razón. O Bautismo supón un novo nacemento, unha nova creación en Cristo, e todo o proceso catequético e litúrxico posterior consiste en desenvolver a graza bautismal que se perfecciona na Confirmación. Como o resto dos sacramentos, é un don gratuío da iniciativa salvadora de Deus.

En definitiva, polo sacramento da Confirmación, no proceso de Iniciación cristiá, o bautizado recibe a efusión do Espírito Santo, por cuxa doazón se configurará máis perfectamente con Cristo e se fortalecerá co seu alento para dar testemuño del e edificar o seu Corpo na fe e na caridade (cfr. RC 1-2).

Penitencia

Aínda que a Penitencia ou Confesión propiamente non forma parte dos sacramentos da iniciación cristiá, na práctica ordinaria das nosas parroquias sitúase na preparación catequística e celebrativa que precede á Eucaristía.

A iniciación cristiá dos que xa recibiron o bautismo non estaría completa se silenciara a referencia ao misterio do pecado, do perdón e á necesidade de se reconciliar con Deus e cos irmáns, adaptándose a cada idade. O descubrimento destas realidades, tan importantes na vida

humana, marca a necesidade de celebrar o sacramento da Penitencia dentro do proceso de maduración cristiá do neno: “Ao chegar á idade da discreción, o neno poderá ir descubrindo, por medio dunha catequese axeitada, o sentido do pecado como negación das relacións persoais con Deus e cos irmáns, e do perdón como reconciliación; irá tamén ratificando a súa opción libre e persoal polo cumprimento da vontade do Pai” (RP 68).

1. A CATEQUESE AO SERVIZO DA TRANSMISIÓN DA FE E A INICIACIÓN CRISTIÁ

“A catequese foi sempre considerada pola Igrexa como unha das súas tarefas primordiais” (CT 1) e por iso, un dos momentos esenciais da evanxelización (cf. CT 18). Como sinala o *Directorio Xeral da Catequese*, “isto quere dicir que hai accións que ‘preparan’ á catequese e accións que ‘emanan’ dela” (n. 63). E como continúa dicindo, “a catequese debe ser considerada momento prioritario na evanxelización” porque “a catequese de iniciación é, así, o elo necesario entre a acción misioneira, que chama á fe, e a acción pastoral, que alimenta constantemente á comunidade cristiá. Non é, polo tanto, unha acción facultativa, senón unha acción básica e fundamental na construción tanto da personalidade do discípulo como da comunidade. Sen ela a acción misioneira non tería continuidade e sería infecunda. Sen ela a acción pastoral non tería raíces e sería superficial e confusa: calquera tormenta esborrallaría todo o edificio (DGC 64). Sendo “esencial” e “prioritario”, estase a indicar que sen a catequese non se realiza a evanxelización e, doutra banda, que neste momento é unha acción determinante.

Así pois, “o ‘momento’ da catequese é o que corresponde ao período no que se estrutura a conversión a Xesucristo, dando unha fundamentación a esa primeira adhesión. Os convertidos, mediante ‘unha ensinanza e aprendizaxe convenientemente prolongada de toda a vida cristiá’, son iniciados no misterio da salvación e no estilo de vida propio do Evanxeo. Trátase, en efecto, ‘de inicialos na plenitude da vida cristiá’” (DGC 63).

Por este motivo, “a catequese é elemento fundamental da Iniciación cristiá e está estreitamente vencellada aos sacramentos da iniciación” (IC 20). Con todo, a catequese non se ha de reducir unicamente a unha preparación para a primeira comunión e a confirmación.

O material catequético que debe ser utilizado para este fin ha de ser aprobado pola Conferencia Episcopal. As delegacións diocesanas de Catequese e Liturxia ofrecerán os materiais complementarios. A diocese ha de establecer condicións de carácter obrigatorio relativas á duración do período de catequese pre-sacramental e de idade axeitada para recibir certos sacramentos.

Non debemos esquecer que o *Directorio Xeral da Catequese* considera a catequese de adultos como a forma principal da catequese, xa que a persoa madura pode vivir de xeito pleno todas as dimensións da fe; e ademais, esta é imprescindible para desenvolver as outras formas de catequese (cf. DGC 20). Aínda que se trata dunha opción catequética con pouco desenvolvemento na nosa diocese, xa que a catequese se asocia sempre á idade infantil, posúe unha grande proxección e capacidade de renovación da vida cristiá e eclesial.

Na actualidade, xunto coa catequese de adultos e a catequese de iniciación cristiá, destacan pola súa relevancia pastoral e evanxelizadora, certas formas de catequese que teñen que ver cos momentos máis esenciais da vida das persoas e que, polo tanto, habería que ir

potenciando: a catequese pre-matrimonial; a pre-bautismal; catequese post-bautismal dos nenos e pais ata o comezo da catequese parroquial; a catequese familiar.

Finalmente, un tipo de Catequese que é necesario poñer en funcionamento –e para iso é necesario un cambio de mentalidade– é a catequese permanente. En toda a pluralidade de formas baixo as que esta se pode dar, haberá que asegurar a súa dimensión kerigmática, iniciática e mistagóxica (cf. EG 160-175).

2. LUGARES E ÁMBITOS DA TRANSMISIÓN DA FE E A INICIACION CRISTIÁ

Os chamados “píares tradicionais” da transmisión da fe –sociedade, familia, catequese e escola–, por medio dos cales se podería dicir que ata o presente se viña realizando unha transmisión da fe e unha iniciación cristiá de xeito osmótico, é dicir, case por unha inercia social e cultural, se debilitaron e en moitos casos caeron.

A crise da transmisión da fe ás seguintes xeracións neste contexto é un tema ao que hai que conceder unha prioridade pastoral, teolóxica e espiritual de primeira magnitude. Esta supón unha chamada a propoñer un cambio profundo na pastoral que se ven a realizar ata o momento, e que nalgúns casos é “de mantemento”, para pasar a unha pastoral que sexa realmente misioneira (cf. EG 25-33), propia dunha Igrexa en saída (cf. EG 20-24).

A pesar diso, a Igrexa universal segue apostando por unha serie de comunidades cristiás inmediatas como os ámbitos privilexiados para a transmisión da fe e a iniciación cristiá:

- A **familia**, “imaxe viva e representación histórica do misterio mesmo da Igrexa” (FC 49), está chamada a ser o primeiro lugar no que se comeza a escoitar o Evanxeo e a coñecer o estilo de vida dos discípulos de Xesús (cfr. CT 68 y EN 71).

Doutra banda, a familia é a “célula básica da sociedade, o lugar onde se aprende a convivir na diferenza e a pertencer a outros e onde os pais transmiten a fe aos seus fillos” (EG 66). A familia, do mesmo xeito cá Igrexa, ha de ser un espazo onde o Evanxeo sexa transmitido e dende onde se irradie. Dentro, pois, dunha familia consciente desta misión, todos os membros da mesma evanxelizan e son evanxelizados (cf. EN 71).

A Igrexa reconece á familia o dereito e a obriga de ser a principal educadora na fe: “Antes que ninguén os pais están obrigados a formar aos seus fillos na fe e na práctica da vida cristiá, por medio da palabra e o exemplo; e teñen unha obriga semellante os que fan as veces de pais e padriños” (CIC 774, 2). Trátase dun dereito natural e, ao mesmo tempo, un ministerio educativo que deriva do sacramento do matrimonio e da consideración teolóxica da familia cristiá como Igrexa doméstica (cf. LG 11; AA 11).

- A **parroquia**, comunidade de comunidades e célula elemental da vida da Igrexa, expresa a diversidade do Pobo de Deus, integrado por sacerdotes, relixiosos e leigos: “A parroquia é, sen dúbida, o lugar máis significativo no que se forma e manifesta a comunidade cristiá. Ela está chamada a ser unha casa de familia, fraternal e acollidora, onde os cristiáns se fan conscientes de ser Pobo de Deus. A parroquia, en efecto, congrega na unidade todas as diversidades humanas que nela se atopan e as inserta na universalidade da Igrexa. Ela é, doutra banda, o ámbito ordinario onde se nace e se medra na fe. Constitúe, por iso, un espazo comunitario moi axeitado para que o

ministerio da Palabra exercido nela sexa, ao mesmo tempo, ensino, educación e experiencia vital” (DGC 257).

A parroquia ha de asumir e emprender responsablemente nestes momentos a tarefa de se renovar e se revitalizar a si mesma, para converterse nunha comunidade acolledora e capaz de evanxelizarse dentro e fóra dela. “A parroquia non é unha estrutura caduca; precisamente porque ten unha grande plasticidade, pode tomar formas moi diversas que requiren a docilidade e a creatividade misioneira do Pastor e da comunidade. Aínda que de certo non é a única institución evanxelizadora, se é capaz de se reformar e se adaptar continuamente, seguirá a ser ‘a mesma Igrexa que vive entre as casas dos seus fillos e das súas fillas’” (EG 28). A medida que se vaian implantando as unidades pastorais, estas haberán de asumir igualmente esta tarefa.

- Pero a transmisión da fe precisa ademais **outras mediacións**, especialmente nestes momentos nos que a socialización relixiosa dos nenos marca moitas rupturas no itinerario de iniciación cristiá que se ten seguido ata o de agora en parroquias e comunidades.

De certo, dada a complexidade de circunstancias e situacións da vida moderna, han de existir outras estruturas de evanxelización e outros centros de irradiación da vida cristiá, a fin de levar a mensaxe do Evanxeo a outros homes nos seus ambientes educativos, profesionais ou sociais, aos que a estrutura territorial da parroquia non pode normalmente chegar. Entre eles son especialmente importantes para a transmisión da fe a escola e a acción dos profesores cristiáns nos centros educativos, así como os movementos e institucións cristiás.

3. OS AXENTES E A IMPORTANCIA DA SÚA FORMACIÓN

A transmisión da fe é unha tarefa que involucra a toda a comunidade cristiá. A comunidade cristiá non só é o ámbito senón tamén o suceso da misión evanxelizadora. No seu seo e no seu nome actúan os diversos axentes de pastoral, da que eles mesmos son parte. A responsabilidade pola evanxelización é, polo tanto, de cada cristián, e á vez da Igrexa como pobo e familia de Deus (cf. EG 111), polo que todos están chamados a colaborar nun proceso único no que interveñen, en mutua interacción e complementariedade, varias accións evanxelizadoras e pastorais. Ningunha acción está chamada a ser a única, senón máis ben a participar en comunión nun proceso unitario que desemboca na inserción activa na comunidade cristiá.

Deste xeito, na súa familia, a través fundamentalmente dos pais e avós, o cristián vive e é educado polo testemuño daqueles que o queren; na parroquia, pola mediación dos sacerdotes, catequistas, monitores de xuventude e outros axentes, o cristián é catequizado, á vez que celebra a súa fe; nos movementos e grupos é formado polo ambiente e interacción da fe e a vida con compañeiros de idade e intereses; na escola os profesores axúdanos a integrar a súa fe no conxunto da cultura que recibe.

A pesar de que a evanxelización compete a toda a Igrexa, esta dispón de distintos axentes de pastoral, os cales realizan, no nome da Igrexa, a tarefa que se lles encomendou en forma de diferentes ministerios e servizos. Na nosa diocese, xuntamente cos ministros ordenados, existe un grande número e diversidade de axentes de pastoral: misioneiros e evanxelizadores; catequistas, profesores e educadores da fe; animadores de comunidade e de asembleas;

directores e animadores do canto; monitores, lectores; acólitos, sancristáns, ministros extraordinarios da comunión; monitores de tempo libre e animadores de mozos; voluntarios de Cáritas, visitantes de enfermos e acompañantes no dó e no loito; responsables de grupos diversos de fe...

Aínda que cada ambiente ten as súas accións pastorais específicas, todos os axentes deben manter a súa conciencia misioneira moi viva para reavivar a forza da chamada á fe. É preciso, pois, un esforzo de coñecemento mutuo e colaboración que se traduza en iniciativas concretas de coordinación.

Se ben é certo que o Papa na *Evangelii Gaudium* dá as grazas pola colaboración de tantas persoas na pastoral da Igrexa, non é menos certo que nos chama a atención polo escaso fervor evanxelizador naqueles ambientes eclesiais que se deixan levar polo individualismo e unha certa crise de identidade cristiá. Máis perigoso que o relativismo doutrinal, di o Papa, é a extensión dun relativismo práctico que consiste en “actuar como se Deus non existira [...], traballar como se quen non recibiu o anuncio non existira” (EG 80).

Concretamente, denuncia a *acedia* (morneza) egoísta de leigos e sacerdotes que non se comprometen na evanxelización, ou o fan sen as motivacións ou a espiritualidade axeitadas (cf. EG 81-82). Así se chega ao que o Papa denomina “psicoloxía da tumba” (EG 83), chegando os cristiáns a se converter en “momias de museo” (*ibid.*); un “pesimismo estéril” (EG 84), sen alegría nin esperanza. Precisamente por iso os cristiáns estamos chamados a ser “persoas-cántaros” (EG 86), que dean de beber aos demais nos “desertos de sentido” do mundo contemporáneo (*ibid.*). En todo este dinamismo, o testemuño de vida convértese en algo tan importante como a comunicación explícita do evanxeo pola palabra, pois a través del, nos seus ambientes conseguen transmitir a fe de xeito máis natural e espontáneo, chegando incluso a ámbitos nos que a acción evanxelizadora explícita non sería posible. De feito, estes transmiten a fe non só polo que din, senón tamén polo que son, por como viven e polo que fan. Os axentes de pastoral, por iso, deben estar moi atentos a ámbolos dous aspectos.

A preocupación é que, no contexto actual, os nosos axentes de pastoral poidan seguir ofrecendo as razóns da nosa esperanza, que axuden a comprender e dar sentido á nosa vida, e a proposta dun camiño de incorporación á nova vida, que nace de Cristo morto e resucitado e que continúa na comunión da Igrexa. Para iso, xuntamente coa coraxe evanxelizadora (ou *parresía*), a formación é tamén unha peza fundamental. Sen dúbida, por iso, foi unha das propostas e suxestións máis repetidas nos grupos de reflexión sinodal. Como recentemente nolo recorda o Papa: “a formación de leigos e a evanxelización dos grupos profesionais e intelectuais constitúen un desafío pastoral importante” (EG 102).

A formación é extensible a todos os axentes de pastoral. Neste senso, a nosa diocese conta cunha grande cantidade de experiencias formativas, pero de xeito particular, debido a que constitúen o grupo máis numerosos de axentes de pastoral, merecen especial mención as escolas de catequistas que existen baixo diversas denominacións. Trátase da realidade formativa de leigos máis consagrada, en tempo e en estruturas, da nosa diocese. Por elas pasaron moitos dos actuais profesores de relixión, e non só catequistas senón tamén outros axentes de pastoral.

Nesta perspectiva da nova evanxelización convén ter moi presente que, tal como se dixo, “se a catequese é unha das tarefas primordiais da Igrexa” (CT 1), os catequistas precisan unha boa formación. Non só para eles mesmos e en función dos catequizandos, senón tamén para toda a Igrexa, porque a auténtica evanxelización depende, en boa medida da calidade da catequese; e non é posible unha boa catequese sen catequistas ben preparados. Necesítanse

catequistas dotados dunha profunda fe e dunha clara identidade cristiá e eclesial, que transmitan fielmente a Palabra de Deus recibida da Igrexa e sexan verdadeira palabra viva de Deus para os catequizandos (cf. DGC 237).

DISPOSICIÓNS E ORIENTACIÓNS PASTORAIS

I. Evanxelización

28. A Igrexa é, pola súa propia natureza, misioneira, portadora da misión que Xesucristo confiou aos apóstolos: “ide ao mundo enteiro e anunciade o evanxeo a toda a creación” (Mc 16, 15). O anuncio que porta a Igrexa é, ante todo, evanxeo, isto é, boa nova, especialmente para os pobres e necesitados. O xeito de anunciar, polo tanto, debe ser acorde con esta característica.
29. Recoñecemos a necesidade que a Igrexa ten constantemente, en todos os seus membros e nas súas estruturas pastorais, de lembrarse a si mesma esta dimensión primaria do evanxeo, de tal xeito que a alegría da mensaxe non se dilúa nun mero adoutramento.
30. A fidelidade ao ensino cristián obriga tamén a se adaptar nas formas e métodos aos destinatarios actuais do anuncio, que son as persoas do noso tempo e a nosa terra, para que a linguaxe cristiá manteña a súa significatividade e credibilidade.
31. Nos seus métodos e na súa linguaxe, o anuncio da Igrexa ha de ter en conta a situación dos destinatarios respecto á fe, pois non é o mesmo a evanxelización de quen non cre, a iniciación de quen xa cre e a pastoral dos xa iniciados. Téñanse en conta tamén as distintas circunstancias persoais, familiares e sociais nas que se atopan.
32. A necesidade dunha nova forma de evanxelizar parte do recoñecemento de que nos atopamos nun novo momento cultural, cunha visión distinta da realidade, das relacións humanas, dos valores sociais e culturais e da percepción do relixioso e da súa presenza pública.
33. O descoñecemento de moitas nocións básicas da fe cristiá vaise facendo cada vez máis patente en amplos sectores da sociedade, e afecta mesmo a persoas que se autodenominan cristiás. Isto supón para a Igrexa o reto de poñerse en situación de primeiro anuncio, incluso fronte a persoas que foron iniciadas sacramentalmente pero non evanxelizadas.
34. A nova etapa evanxelizadora que nos reclama o Papa Francisco hase de substanciar nunha pastoral máis misioneira, que teña en conta os distintos niveis de fe dos destinatarios do anuncio, que incida no acompañamento persoal, que se centre no esencial da Mensaxe, que procure a inculturación do Evanxeo, e que amose o rostro misericordioso de Deus.
35. Vese necesaria a elaboración dun proxecto diocesano de nova evanxelización no que colaboren expertos de diversas áreas, como a pastoral, a teoloxía, a socioloxía, a pedagogía e as ciencias da comunicación.

II. Os axentes

36. A transmisión da fe é unha tarefa que involucra a toda a comunidade cristiá, non só a catequistas ou sacerdotes.
37. Na tarefa de transmitir a fe, o testemuño de vida non é menos importante ca comunicación pola palabra. A Igrexa debe coidar tanto o un como o outro para facer crible a súa mensaxe.
38. Aínda que a evanxelización compete a toda a Igrexa, esta dispón de distintos axentes de pastoral, os cales realizan en nome da Igrexa a tarefa que se lles encomendou.
39. Os sacerdotes han de ter como unha das súas prioridades a misión evanxelizadora da Igrexa. Por iso dedicarán tempo e enerxías ao primeiro anuncio, á catequese e á predicación, e esforzaranse por levar unha vida que dea testemuño crible daquilo que proclaman.
40. Para realizar tarefas pastorais non basta a boa vontade, senón que é precisa tamén unha firme identificación con Xesucristo e coa súa Igrexa, así como un axeitado coñecemento dos contidos da fe e das metodoloxías da comunicación. Establézase polo tanto, a nivel diocesano, unha escola de axentes de pastoral que facilite a formación precisa.
41. As parroquias, unidades pastorais e arciprestados coidarán, tamén, a formación dos catequistas e demais axentes de pastoral, poñendo para iso os medios persoais e estruturais necesarios.

III. A iniciación

42. A iniciación cristiá é un proceso de evanxelización e catequización polo que un novo crente se vai incorporando plenamente á vida cristiá no seo da Igrexa. Este proceso segue pasos moi distintos segundo se trate de nenos xa bautizados, de nenos en idade escolar aínda non bautizados ou de adultos. Estas diferenzas hanse de ver reflectidas na normativa e a praxe diocesanas.
43. Aínda que non é función do sínodo concretar itinerarios minuciosos, invítase a actualizar o Directorio Diocesano da Iniciación Cristiá, lembrando a necesidade de cumprir o actual mentres aínda estea vixente, coas necesarias adaptacións que recollan o sentir deste sínodo. No novo Directorio haberán de terse en conta de forma minuciosa os diversos destinatarios e distintas circunstancias que hoxe se volveron cada vez máis frecuentes: a iniciación de adultos, a iniciación dos nenos en idade escolar que non están bautizados e a dos que foron bautizados pero non completaron a iniciación. Nese Directorio haberanse de ofrecer tamén as orientacións sobre a reiniciación na fe, tendo en conta as circunstancias presentes.
44. Salvando sempre a prudencia pastoral dos párrocos, que haberán de avaliar en cada caso a madurez dos catecúmenos, todas as parroquias, unidades pastorais e demais institucións diocesanas han de adoptar criterios comúns na aceptación para a celebración dos sacramentos de iniciación, segundo os criterios establecidos na diocese.
45. En concreto, a autoridade diocesana establecerá condicións de carácter obrigatorio relativas á duración mínima do período de catequese e á idade axeitada para recibir certos sacramentos.
46. Se nalgún caso parece prudente facer unha excepción á norma, debe facerse por motivos verdadeiramente pastorais, e non de mera facilidade ou de favor, evitando sempre o

agravio comparativo para o resto dos fieis ou para a pastoral da zona e do conxunto da diocese.

47. A iniciación dos adultos e dos nenos en idade escolar non bautizados culmina sacramentalmente co bautismo, confirmación e eucaristía, recibidos nesta orde e no mesmo rito. Con todo, pospóñase a confirmación cando o neno non teña cumprido aínda os doce anos.
48. Os párrocos garantirán nas súas respectivas parroquias e unidades pastorais a vinculación da catequese co proxecto diocesano común e, ao mesmo tempo, manterán unha coordinación eficaz coas demais institucións eclesiais (comunidades relixiosas, colexios, movementos) que dentro do territorio parroquial evanxelizan e contribúen á iniciación e formación cristiás.
49. O lugar propio para recibir o catecumenado ou a catequese e os sacramentos de iniciación é a parroquia ou unidade pastoral propia, no caso do adulto, ou a propia dos pais, no caso dos nenos. Tendo en conta as circunstancias de maior mobilidade que se dan hoxe en día, así como as diversas situacións familiares, pódese considerar, a título práctico, que son parroquias propias non só a de residencia habitual, senón tamén aquelas onde se vive e celebra a fe habitualmente, sobre todo os domingos.

a) O bautismo

50. Mediante o bautismo a Igrexa acolle a un novo membro. É, polo tanto, un sacramento de toda a comunidade cristiá, e convén que iso tamén se manifeste no seu modo de celebrarse.
51. Mentres non se aprobe un novo Directorio, as indicacións do actual Directorio Diocesano dos Sacramentos da Iniciación Cristiá respecto aos tempos e lugares nos que se ha celebrar o bautismo seguen vixentes, aínda que tendo en conta as circunstancias sinaladas no número 49 das presentes disposicións.
52. Segundo se sinala no número 43 das presentes disposicións, a diocese establecerá un itinerario catecumenal para os adultos que desexan recibir o bautismo que sirva como orientación para as parroquias, unidades pastorais e demais institucións diocesanas.
53. A diocese impartirá normas relativas ás condicións para aceptar o bautismo de nenos cuxos pais viven de costas á fe, ou se atopan en situacións canonicamente irregulares. Eviten os párrocos rexeitar a quen a Igrexa non rexeita. Cando falta por completo unha esperanza fundada en que o neno será educado na fe católica, débese diferir o bautismo, explicando aos pais con caridade as razóns (cf. CIC 868).
54. Aínda que o papel dos padriños moitas veces se diluíu, eles preséntanse como os garantes da fe do bautizando, no caso do adulto, ou da súa futura formación cristiá, no caso dos nenos. Hase de explicar isto con caridade e claridade ás familias, para que entendan as esixencias que a Igrexa establece para eles.
55. Cando os pais soliciten o bautismo para os seus fillos, a parroquia ou a unidade pastoral han de ofrecer momentos, mesmo obrigatorios, de formación, non só sobre a liturxia do sacramento, senón tamén sobre o seu significado e sobre o compromiso que os pais adquiren.

b) Primeira comunión e confirmación

56. A iniciación cristiá culmina co sacramento da confirmación e a primeira participación plena na eucaristía. Esta orde de iniciación, que se mantén nos adultos, no caso dos nenos é invertido, por razóns históricas e prácticas.
57. A aqueles que foron bautizados na infancia, ademais, antes de acceder á primeira comunión, se lles administra tamén o sacramento da penitencia. Na preparación e celebración da primeira confesión débense subliñar os aspectos positivos do perdón e a misericordia, e terase en conta a idade dos penitentes.
58. Ao preparar a primeira comunión, procuren os catequistas e sacerdotes explicar, de xeito apropiado á idade e capacidade dos nenos, a importancia da eucaristía na vida da Igrexa e do cristián.
59. Os centros educativos relixiosos poden prestar unha valiosa contribución á formación relixiosa dos nenos, pero o lugar propio para a preparación e a celebración dos sacramentos de iniciación é a parroquia (cf. Directorio Diocesano 4.2).
60. Para a preparación e a celebración da primeira comunión e da confirmación téñase en conta o dito no número 49 das presentes disposicións.
61. Ao impartir a catequese préstese grande atención ao método, que difire polo seu estilo e contido das clases de relixión. A catequese non se reduce a unha transmisión doutrinal, senón que ha de ser tamén introdución á vida e celebración cristiás.
62. Todas as parroquias ou unidades pastorais han de empregar para a catequese materiais axeitados e debidamente aprobados, nos que, de acordo coa idade e capacidade do catecúmeno, se vaian expoñendo os contidos principais da mensaxe cristiá.
63. Ningún sacerdote debe admitir á primeira comunión ou confirmación a ninguén de cuxa formación non teña constancia, mesmo por escrito.

IV. Outras dimensións da formación cristiá

64. É desexable que a instrución na fe non se limite ao período de iniciación sacramental. Na medida do posible, as unidades pastorais deberían organizar encontros periódicos de formación continua para a vida cristiá.
65. Promóvase a catequese de mozos e adultos bautizados que non recibiron unha catequese axeitada, ou que non culminaron a iniciación cristiá, ou que se afastaron da fe e que poden ser considerados case-catecúmenos.
66. Á parte do proceso de iniciación, a administración dos demais sacramentos debe ser tamén un momento de anuncio e explicación da fe cristiá. Tanto na súa preparación como na celebración, os sacerdotes e demais axentes pastorais non descoiden esa responsabilidade.
67. Os encontros de preparación ao matrimonio han de ter ante todo unha dimensión evanxelizadora, sobre todo tendo en conta que moitos dos futuros contraentes viven de costas á vida da Igrexa.
68. Tendo en conta a importancia da vida familiar, a pastoral non pode descoidar este ámbito. Refórcese a delegación diocesana de pastoral familiar cun equipo que potencie este campo elaborando materiais e mantendo encontros polas distintas zonas da diocese para orientar e dinamizar a pastoral familiar das parroquias.
69. É necesario potenciar unha pastoral de acompañamento dos esposos e pais cristiáns, que non se han de sentir sós á hora de cumprir coa tarefa de educar na fe aos seus fillos. Para iso hanse de facilitar momentos de formación para os pais e aqueles que desempeñen as súas funcións.
70. As parroquias ou unidades pastorais han de procurar a formación de equipos pastorais que acompañen ás familias que teñan fillos na catequese, ou, polo menos, manter

reunións con elas, non só para concretar os detalles prácticos das celebracións sacramentais, senón para implicar aos pais no proceso catequético.

3. A Igrexa como comunión

A IGREXA COMO COMUNIDADE E MISIÓN

A fe cristiá non se limita a ser unha opción ideolóxica que un pode asumir a título individual. Esencial a ela é a constitución dunha comunidade á que chamamos Igrexa. O carácter comunitario do cristianismo non é unha circunstancia externa á fe, senón que deriva ante todo da propia mensaxe cristiá. Da única paternidade de Deus derívase a mutua fraternidade entre os seres humanos, que é acollida e recoñecida conscientemente polos cristiáns. Por iso, xa dende os primeiros tempos os cristiáns se chamaban “irmáns” entre eles, sen distinción de pobo, lingua ou categoría social.

Xa no Novo Testamento a palabra “igreja” designa tanto á asemblea de irmáns que reside e se reúne nun lugar concreto como ao conxunto de todos os crentes onde queira que se atopen. Deste xeito, se significan dúas dimensións importantes da Igrexa: a súa universalidade e a súa concreción histórica nun lugar e nun tempo determinados. A concreción local da Igrexa nos nosos tempos pódese vivir en distintos niveis. O máis inmediato, normalmente, é o da parroquia, espazo no que se celebran habitualmente os sacramentos, no que se segue o percorrido de iniciación na fe cristiá e no que se organiza de xeito máis inmediato a asistencia aos necesitados. Con todo, a parroquia non é unha institución autónoma, xa que forma parte da diocese, que é a porción do pobo de Deus confiada ao coidado pastoral dun bispo e que dispón de todos os medios de salvación, de tal modo que nela está presente a Igrexa unha, santa e católica.

A Igrexa é fermento dunha nova humanidade reconciliada. Como expresa o Concilio Vaticano II, é como un sacramento, é dicir, signo e instrumento, da unión dos homes con Deus e da unidade do xénero humano (cf. LG 1). Neste senso, hai unha dobre vivencia da Igrexa, que en realidade son as dúas caras da única realidade. Como irmandade vivida, ten unha vida interna que se manifesta, ante todo, na caridade mutua e na celebración da fe, de modo excelso, no sacramento da Eucaristía. Como irmandade proxectada, a Igrexa ten unha vocación irrenunciábel á misión, que se explicita tanto polo testemuño como polo anuncio da Palabra.

Todo bautizado participa desta dobre dimensión, como crente e como testemuña da súa fe. De entre o pobo de Deus, con todo, algúns reciben unha especial misión ao servizo, ben na vida interna da Igrexa, ben na súa función apostólica, ou, con frecuencia, en ámbalas dúas tarefas. A comunidade cristiá precisa, para o seu recto funcionamento e para realizar axeitadamente a súa misión, de persoas dispostas a servir en distintas funcións que revertan en proveito dos seres humanos e en maior gloria de Deus. Algúns destes servizos, pola súa especificidade vencellada ao anuncio da Palabra e a transmisión e custodia da fe, á harmonía da comunidade cristiá e, de xeito particular, á celebración dos sacramentos, requiren o sacramento da orde, a través do cal a Igrexa confía a algúns dos seus membros unha especial dedicación á evanxelización, á santificación e ao goberno. Pero a evanxelización non se esgota nos seus axentes, nin a santificación nos seus ministros nin o goberno nos seus pastores. Toda a Igrexa, no seu conxunto e en cada un dos seus membros, é profética, sacerdotal e rexia. Ademais, hai multitude de servizos, tanto de cara á vida da Igrexa como de cara á súa misión, que non esixen o sacramento da orde.

A IGREXA DIOCESANA

A Igrexa diocesana de Santiago de Compostela é unha porción do Pobo de Deus que, baixo o coidado pastoral do seu bispo, busca vivir e transmitir con fidelidade o evanxeo de Xesucristo, prestando sempre atención ao contexto histórico, cultural e xeográfico no que vive.

Esta Igrexa diocesana, como toda a Igrexa, ten como finalidades principais: a) o anuncio do Evanxeo de Xesucristo, mediante a palabra e o testemuño; b) a vivencia da fraternidade cristiá nunha caridade aberta a todas as persoas; c) a celebración da fe, especialmente nos sacramentos. Todas as accións da Igrexa deben estar, directa ou indirectamente, encamiñadas a realizar estes fins.

Aínda que eses tres fins afectan a toda a Igrexa e a cada un dos seus membros, o bispo diocesano ten unha responsabilidade especial en garantir, por si mesmo ou por medio doutros, a misión evanxelizadora da Igrexa, a lexítima celebración dos sacramentos e o mantemento e promoción da fraternidade dentro da comunidade cristiá.

A este respecto, varios grupos sinodais subliñaron a importancia da presenza do bispo nas comunidades locais, para confirmar ou por outro motivo, pois, deste xeito, a súa figura se fai máis familiar aos diocesanos e lle permite a el coñecer máis de preto os problemas das parroquias e dos fieis.

Para colaborar con el nesta tarefa dispón de diversos medios e persoas. En primeiro lugar, os párrocos ou outros presbíteros que desempeñan funcións semellantes. Aínda que só a diocese fai presente localmente á Igrexa, en canto dotada de todos os medios de santificación e evanxelización, o lugar habitual no que o cristián vive e celebra a súa fe é a parroquia. A parroquia ha de ser, antes ca unha unidade administrativa, a expresión concreta da misión e da comunión da Igrexa. É o lugar no que se anuncia o evanxeo, se celebra a fe e se promove a caridade. É moi importante que todos os crentes se sintan acollidos nela. Por iso, aínda que é inevitable que algunhas sensibilidades aparezan máis marcadas ca outras, nunca se debe impoñer unha corrente de pensamento ou de espiritualidade como única, excluindo ás demais recoñecidas pola Igrexa.

Na nosa diocese existen diversos tipos de parroquia, cuxa fisionomía e funcionamento depende moito do tipo de poboación. Non se organiza igual unha parroquia nunha cidade, nunha vila ou no medio rural. E se ben a poboación se concentra maioritariamente en cidades e vilas, territorialmente a diocese compostelá é maioritariamente rural, cun tipo de poboación con frecuencia moi espallado.

A nosa diocese debe afrontar algúns problemas perentorios no que respecta á vivencia habitual da fe no ámbito parroquial; entre eles un despoboamento progresivo, sobre todo en moitas zonas rurais, e unha escaseza de sacerdotes que dificulta ou imposibilita a celebración sacramental frecuente ou incluso dominical. A parroquia, ademais de ser a unidade concreta de vivencia eclesial e de actuación pastoral, ten na nosa terra, sobre todo en vilas e zona rural, un particular sentido de identificación para moitas persoas. Hai que tratar, polo tanto, con moita delicadeza o problema que supón hoxe en día a atención pastoral á luz das dificultades apuntadas. É preciso adoptar modelos de atención pastoral que engloben diversas parroquias en unidades maiores, pero sen que iso leve necesariamente á desaparición da parroquia como tal.

En consecuencia, algunhas das indicacións que se sinalan aquí terán maior ou menor aplicabilidade segundo as condicións de cada parroquia, e en previsión do establecemento progresivo de unidades de atención pastoral, segundo se propón na primeira Sección do presente documento sinodal.

Outro instrumento de colaboración na tarefa pastoral do bispo é a curia diocesana. “A curia diocesana consta daqueles organismos e persoas que colaboran co Bispo no goberno de toda a diocese, principalmente na dirección da actividade pastoral, na administración da diocese, así como no exercicio da potestade xudicial.” (CIC 469). Como colaboración do ministerio episcopal, a curia ha de ter sempre presentes os fins da Igrexa, de tal xeito que a pastoral estea ao servizo do evanxeo, a administración se realice en espírito de comunión e a xustiza teña como obxectivo o ben das persoas e a *salus animarum*.

Dende algúns grupos sinodais suxeriuse que, para aquelas funcións de curia que non esixan pola súa propia natureza ou por dereito a orde sacerdotal, se prefira a actuación de leigos, tanto voluntarios como contratados, tendo en conta tamén criterios de competencia profesional. Deste xeito, os sacerdotes, cuxo número é claramente insuficiente para cubrir axeitadamente a pastoral da diocese, estarían máis libres para dedicarse ao ministerio da Palabra e dos sacramentos. Outros apuntaron a conveniencia de que os sacerdotes que traballen na curia teñan tamén unha tarefa pastoral de proximidade (parroquial ou doutro tipo), así como a de que os seus cargos sexan por tempo limitado, para evitar que se forme un clero curial burocratizado.

Da curia forman parte as delegacións diocesanas e episcopais, que atenden de modo particular un sector da pastoral diocesana. Tales delegacións —e así se requiriu dende varios grupos sinodais— han de funcionar en estreito contacto coas parroquias e unidades pastorais, evitando por igual unha inoperancia que as faga inútiles e un excesivo protagonismo que as ille da vida real da diocese.

Nos tempos actuais, é moi necesario que se facilite o acceso aos servizos diocesanos por medio das tecnoloxías da información e a comunicación. Iso axudará a promover unha maior eficiencia en ditos servizos, así como a axilizar e facilitar as xestións.

Outras formas máis participativas de axudar ao bispo na súa responsabilidade diocesana son os distintos consellos, como o Consello Pastoral Diocesano, o Consello de Presbiterio, o Colexio de Consultores e o Consello de Asuntos Económicos. Algúns grupos sinodais solicitaban unha maior participación dos fieis na organización e toma de decisións na diocese. Isto podería ser síntoma de que non hai suficiente conciencia de estar representados naqueles órganos consultivos nos que os leigos teñen cabida.

Por último, non podemos esquecer dúas realidades que aínda que non son sempre estritamente diocesanas forman parte da vida e, con frecuencia, da pastoral da diocese: os institutos de vida consagrada, os movementos eclesiais e o apostolado segrar asociado (en particular, a Acción Católica). Dende varios grupos sinodais valorouse a súa presenza e a súa actuación, ao mesmo tempo que se insistiu na necesidade de que colaboren coas parroquias e unidades pastorais, evitando pastorais paralelas.

OS MINISTERIOS ECLESIAIS

Como se sinalou con anterioridade, a relación fundamental que une a todos os crentes entre si é a fraternidade, derivada da única paternidade de Deus. Iso non impide que dentro da Igrexa existan diversas funcións, as cales non levan consigo unha máis alta dignidade, senón un maior servizo, que é a verdadeira grandeza para un seguidor de Xesucristo: “quen queira ser o primeiro hase de facer o último de todos e o servidor de todos” (Mc 9, 35).

Por razóns que aquí non imos examinar, co tempo produciuse unha acumulación de funcións nunhas poucas persoas dentro da comunidade, normalmente nos ministros ordenados. Dende hai xa algunhas décadas, sen embargo, sobre todo grazas ao empuxe do Concilio Vaticano II, lembrouse que os leigos non só son membros da Igrexa, senón que o son de forma activa e participativa. Foi, e segue sendo, necesario vencer resistencias derivadas do clericalismo herdado e incluso do patriarcalismo eclesiástico, sobre todo no referente ao papel da muller na Igrexa.

Ao longo do proceso de preparación do sínodo recibíronse numerosas achegas alentando a que se fomenten os ministerios laicais, ás veces especificando a importancia de dar espazo ás mulleres e aos mozos. Pero tamén chegaron advertencias sobre o perigo de “clericalizar” a algúns leigos, que acaban sendo practicamente os que exercen todas as funcións (catequéticas, litúrxicas, administrativas...) das parroquias. Sobre este punto, convén lembrar que os leigos que non pertencen a comunidades relixiosas, isto é, os segrares, non poden esquecer que tamén a súa secularidade é un servizo á Igrexa, dando testemuño na sociedade da súa fe, non tanto mediante o ministerio da palabra canto polo “ministerio” da vida. Para evitar o perigo dunha nova clericalización convén subliñar que o primeiro na Igrexa é a comunión e os ministerios son só ao seu servizo.

Con todo, é preciso recoñecer a importancia dos diversos ministerios dentro da Igrexa. Entre eles ocupan un lugar particular aqueles vencellados ao sacramento da orde: diaconado, presbiterado e episcopado. A orde do diaconado foi restablecida recentemente na Igrexa latina como un ministerio propio, e non só como paso previo para a ordenación sacerdotal. Con todo, parece existir aínda nalgúns unha certa desconfianza ante este ministerio, quizais porque non está moi claro o seu papel dentro da Igrexa. Dende os grupos sinodais formuláronse algunhas propostas de cara á consolidación do diaconado permanente.

A orde sacerdotal, pola súa banda, é esencial á vida da Igrexa. A ela está encomendado, non en exclusiva, pero si de xeito primordial, o anuncio do evanxeo e a predicación da Palabra. Os sacerdotes teñen a responsabilidade última, aínda que tampouco exclusiva neste caso, da guía e goberno do pobo de Deus. E, de xeito particular, a eles está encomendada a administración da maioría dos sacramentos, moitos dos cales non se poden realizar na súa ausencia. É, por iso, da máxima importancia o fomento das vocacións ao ministerio sacerdotal, así como a preparación humana, espiritual, teolóxica e pastoral de quen aspira a exercelo.

O bispo ante todo, así como os presbíteros, deben procurar sempre dedicarse con fidelidade e entrega ao triplo ministerio da palabra, da santificación e do goberno, sen esquecer que, pola súa especial visibilidade dentro da Igrexa, son puntos de referencia non só para os membros da Igrexa, senón tamén para moitos non cristiáns, que doadamente xulgarán á Igrexa polo testemuño dos seus ministros.

UNHA ECONOMÍA PARA A COMUNIÓN

A Igrexa ten a súa patria definitiva no ceo, pero realiza a súa misión no mundo. Para iso debe dispoñer de medios económicos que lle permitan realizar a súa misión. Nos Feitos dos Apóstolos sinálase reiteradamente que os crentes o tiñan todo en común (cf. 2, 44; 4, 32). Aínda que co paso do tempo isto foi cada vez menos realizable, non deixa de constituír un ideal e un modelo no que se reflicte a verdadeira vocación da Igrexa: establecer unha comunión onde todos en pé de igualdade poidan dirixirse a Deus como Pai común.

Tanto no ámbito parroquial como no diocesano todo o referente á economía debe realizarse coa maior prudencia e delicadeza, ante todo porque o esixe a propia natureza do asunto, pero tamén porque son cuestións moi sensibles nas que se xoga a credibilidade da Igrexa. A diocese compostelá asume, como non podía ser doutro xeito, o convenio subscrito pola Conferencia Episcopal Española con *Transparencia Internacional España* o 31 de maio de 2016, así como o *Manual de Inversións Financeiras* aprobado pola Conferencia Episcopal, e comprométese a facer todo o posible para que a súa xestión económica cumpra todos os requisitos de legalidade, transparencia e equidade.

As necesidades económicas da Igrexa inclúen o sustento das persoas dedicadas ao seu servizo, o mantemento dos locais onde se desenvolven o culto e as actividades pastorais e, por enriba de todo, o exercicio dunha caridade que busque non só paliar necesidades momentáneas, senón promover aos máis desfavorecidos para que se poidan sentir plenamente integrados na sociedade. O modo de sostener todo iso depende en gran medida da vontade dos fieis, da súa conciencia de que a Igrexa a constituíen todos os crentes e da súa propia xenerosidade, sabendo que “Deus ama a quen dá con alegría” (2Cor 9, 7).

Un modo de colaborar no sostemento da Igrexa e dos seus ministros son os aranceis pola realización de actos litúrxicos e administrativos. Dalgúns grupos sinodais chegou a suxestión de suprimilos, mentres que outros os consideraban algo necesario para o bo funcionamento das parroquias. Sen dúbida, o ideal sería chegar a unha Igrexa sostida voluntariamente polo conxunto dos fieis.

Das achegas dalgúns grupos, recolleuse a necesidade de que a remuneración dos sacerdotes sexa axeitada aos tempos presentes, de modo que se lles poida garantir unha vida sen luxos pero tamén sen penosas estreituras. Sinalouse tamén que habería que remunerar de modo xusto aos leigos que, máis aló do voluntariado, prestan determinados servizos á Igrexa. Algún grupo tamén manifestou preocupación pola situación das persoas, sobre todo de avanzada idade, que dedicaron a súa vida á atención de sacerdotes.

Polo que respecta ao patrimonio inmovible da diocese, as opinións recollidas son moi variadas. Nun extremo sitúanse os que desaconsellan en absoluto desprenderse del, sobre todo das casas reitorais, aínda que non estean habitadas. No outro extremo atópanse os que consideran que hai que desprenderse dos edificios non utilizados. Entre medias danse tamén outras posturas, como as que suxiren alugar, ou ben ceder para uso comunitario. Varios grupos suxiren que se acondicionen algunhas desas vivendas abandonadas para dar aloxamento a persoas sen fogar. O que si parece unha postura común é que debería existir un plan diocesano ao respecto, para evitar a perda económica e a mala imaxe pública que produce a deterioración de todo ese patrimonio.

Polo que se refire ao exercicio da caridade, sublíñase ante todo a caridade mesma como virtude, é dicir, o exercicio práctico do amor que vén de Deus, e que debe guiar toda a acción da Igrexa. Nunha sociedade onde existen marcadas diferenzas económicas e de oportunidades, esta caridade exércese de xeito particular na atención aos menos favorecidos, procurando ir máis aló da asistencia puntual para axudar á súa promoción na sociedade. Un

instrumento privilexiado, aínda que non único, de acadar isto é Cáritas, que non debería faltar en ningunha unidade pastoral.

DISPOSICIÓNS E ORIENTACIÓNS PASTORAIS

71. Todos os cristiáns, ordenados e leigos, pertencen por igual título ao Pobo de Deus e participan na misión da Igrexa, aínda que cada un segundo a súa propia función. É, polo tanto, necesario promover un clima de corresponsabilidade dentro da nosa comunidade diocesana no pastoral, no administrativo e no económico.
72. Para aquelas funcións para as que non se requira o sacramento da orde, os leigos – homes e mulleres– poden ser chamados lexitimamente para colaborar nas actividades eclesiais (apostólicas, litúrxicas e pastorais), tanto no ámbito diocesano como no parroquial.
73. Os ministerios laicais non son substitutivos nin auxiliares do ministerio ordenado, senón que gozan da súa propia entidade eclesial, aínda que sempre baixo a supervisión do bispo diocesano e daqueles que son responsables últimos da cura pastoral das parroquias.
74. A corresponsabilidade dos leigos na vida diocesana débese manifestar tamén naquelas funcións de particular asistencia ao bispo na pastoral diocesana, como son as delegacións diocesanas.
75. Os párrocos deben suscitar a participación dos fieis leigos, tanto relixiosos como segrares, nas distintas actividades –evanxelizadoras, litúrxicas e pastorais– da parroquia.
76. Estes servizos eclesiais sexan vistos non como meras funcións auxiliares, senón como verdadeiras vocacións ministeriais. Os párrocos non deben descoidar a axeitada formación das persoas que prestan tales servizos.
77. A diocese debe, pola súa parte, prestar servizos para a formación (teolóxica, litúrxica, pedagóxica, espiritual, administrativa ou doutro tipo) de cantos desempeñan ministerios laicais.
78. O seminario, onde se forman os candidatos a recibir a orde sacerdotal, ha de ser obxecto de particular atención por parte de toda a diocese. O fomento das vocacións sacerdotais, en primeiro lugar co propio exemplo dos sacerdotes, debe ser unha prioridade na pastoral diocesana.
79. Cóidese con esmero a formación no Seminario e no Instituto Teolóxico. O Seminario ten a función non só de formar, senón tamén de axudar no discernimento da vocación de quen se sente chamado ao ministerio sacerdotal.
80. Á parte da instrución teolóxica, competencia do Instituto Teolóxico, e da formación pastoral e espiritual, deberíase ofrecer aos seminaristas algún tipo de preparación sobre algúns aspectos relevantes na práctica parroquial, como xestión, lexislación civil ou principios de economía.
81. O equipo de formadores do seminario, dirixido polo reitor, ten a responsabilidade de presentar aos candidatos para recibir os ministerios e as ordes, cousa que non farán mentres non teñan fundada confianza en que os devanditos candidatos teñen a necesaria madureza humana e están suficientemente preparados para exercer o ministerio que solicitan.

82. A ordenación, especialmente de presbíteros, debe ser un acontecemento para toda a diocese, e se organizará de tal xeito que se facilite a participación do maior número de sacerdotes e fieis.
83. Coidarase de modo particular a atención aos sacerdotes novos, para que se vaian acostumando aos retos que presenta a pastoral concreta. Se é preciso, designarase algún sacerdote maduro para que acompañe os seus primeiros anos de exercicio parroquial.
84. O diaconado permanente ten un valor en si mesmo, e debe ser potenciado como ministerio específico dentro da Igrexa.
85. Establecerase un plan formativo para quen aspira a recibir o diaconado permanente, así como un equipo formador que acompañe e oriente aos aspirantes. Esta formación teña un nivel suficiente, considerando que ao diácono pode tamén encargárselle a homilía.

A igrexa diocesana

86. Aínda que a vida eclesial se realiza normalmente a nivel parroquial, é a diocese a porción do pobo de Deus que contén todos os medios de santificación e evanxelización. Débese procurar, polo tanto, aumentar no pobo cristián o sentido de pertenza á Igrexa diocesana. Para iso é de vital importancia participar en proxectos pastorais conxuntos, evitando a impresión de disgregación e improvisación.
87. Para participar máis eficazmente na pastoral diocesana, débese dar axeitada publicidade aos plans pastorais e ás normas particulares da nosa diocese. En todas as parroquias, unidades pastorais ou, polo menos, arciprestados, terase unha asemblea ao comezo do curso para informar sobre os plans diocesanos e a súa aplicación no territorio concreto. A estas asembleas estarán invitados todos os fieis, teñan ou non responsabilidades na pastoral parroquial.
88. Elabórese un estatuto da curia diocesana, no que apareza claramente que departamentos a compoñen, como funcionan, de que servizos dispoñen e que modos hai de acceder a eles. Ese estatuto publicarase no Boletín Oficial do Arcebispado e estará permanentemente accesible na páxina web da diocese.
89. Establecerase unha Vigairía de Pastoral que coordinará, ou incluso asumirá, as actividades daquelas delegacións máis vencelladas coa pastoral.
90. Publíquese, ou polo menos pónase a disposición de todos na páxina dixital diocesana en forma doada de consultar, o conxunto das normas de dereito particular.
91. Procurarase confiar as responsabilidades da curia diocesana a persoas, ordenadas ou leigas, que se distingan pola súa fe, sentido eclesial, honradez, caridade e competencia. Na medida do posible, as funcións que poidan ser desempeñadas por leigos se lles encomendarán preferiblemente a eles.
92. Naquelas funcións curiais que non requiran competencias específicas, procurarase ter unha suficiente mobilidade e rotación entre os sacerdotes, para evitar a formación dun “clero curial”.
93. Sempre que a súa dedicación llelo permita, é desexable que os sacerdotes que prestan un servizo diocesano que non leva consigo un contacto pastoral directo cos fieis estean vencellados a algunha parroquia ou outro centro de atención pastoral, polo menos como adscritos.
94. As delegacións e secretariados da diocese han de promover a pastoral nos seus diversos ámbitos de competencia sempre ao servizo da comunidade eclesial e non ao servizo do seu propio funcionamento.
95. As delegacións cuxo campo específico ten relevancia para a vida e actividade das parroquias e unidades pastorais deben promover reunións periódicas cos párrocos e

outros axentes pastorais, non só para instruílos, senón tamén para recibir suxestións e propostas.

As parroquias

96. As parroquias son divisións territoriais ou persoais da diocese. Forman, polo tanto, parte dela, e a súa pastoral debe ser unha aplicación da pastoral diocesana conxunta, sempre tendo en conta as circunstancias específicas que se poidan dar.
97. A medida que se vaian implantando as unidades pastorais na diocese, o que aquí se di das parroquias aplicarase ás parroquias ou ás unidades pastorais, segundo as circunstancias.
98. As parroquias e unidades pastorais non son unicamente órganos administrativos. Débense ver ante todo como a expresión local da misión e a comunión da Igrexa. Polo tanto, no seu funcionamento débense amosar como comunidades vivas de crentes, e non como meras prestadoras de servizos. Para iso, ademais do estritamente litúrxico e administrativo, foméntense a comunicación de bens, as reunións formativas e de oración, así como momentos de entretemento.
99. Responsable da pastoral da parroquia é o párroco ou outro presbítero que teña unha misión asimilable á do párroco. A el compete velar porque se realicen axeitadamente a fraternidade cristiá, a evanxelización e a celebración.
100. Aínda que é inevitable que cada parroquia e unidade pastoral teña a súa idiosincrasia marcada pola especificidade do territorio e dos seus habitantes, pola súa propia historia e polos ministros que a serven, procuren os pastores acoller con xenerosidade as diversas sensibilidades e liñas de espiritualidade recoñecidas pola Igrexa.
101. Os párrocos e asimilados deben coñecer as normas de dereito particular diocesano así como os plans pastorais e directorios diocesanos vixentes e teñen a obriga de aplicalos na porción da diocese que se lles confía.
102. Velen os arcepresbiteros diligentemente para que os párrocos cumpran coas súas obrigas, sobre todo naquilo que afecte á misión da Igrexa e ao ben do pobo de Deus. Para iso realizarán coidadosamente a visita arcepresbiteral anual conforme ao Estatuto do arcepresbitero.
103. Lémbrese a obrigatoriedade da existencia dun consello económico en cada parroquia ou, no seu caso, na unidade pastoral, e úrxese a súa constitución alá onde aínda non exista.
104. É moi conveniente tamén a existencia en cada parroquia ou, alí onde a haxa, en cada unidade pastoral, dun consello pastoral. Estes consellos sexan realmente operativos no asesoramento do párroco nas súas funcións, e non meramente nominais.

Economía

105. A economía na Igrexa, tanto diocesana como parroquial, ha de estar sempre ao servizo dos fins da propia Igrexa: o anuncio do evanxeo, a celebración da fe e a promoción da caridade. Débese evitar, polo tanto, calquera tipo de xestión que contradiga na práctica aquilo que a Igrexa ha de anunciar, celebrar e vivir.
106. Téñase particular coidado para que os que traballan na Administración Diocesana sexan persoas non só competentes na materia, senón que amosen amor á Igrexa, sensibilidade cara aos necesitados e ecuanimidade no trato.
107. Todos os ministerios na Igrexa, tanto laicais como ordenados, teñen como finalidade principal o servizo á propia Igrexa e á súa misión. O ministerio eclesial nunca pode ser un instrumento para o propio enriquecemento. Pero a Igrexa debe prover ao digno

sustento de quen pola súa dedicación aos servizos eclesiais non se pode dedicar a traballos remunerados.

108. A diocese debe garantir a todos os sacerdotes unha remuneración mínima digna e realista, así como o necesario complemento para unha xubilación axeitada. Débese tender a que o sustento dos sacerdotes non dependa dos aranceis por actos litúrxicos ou administrativos.
109. Para que a comunión e a fraternidade eclesiais brillen tamén na xusta distribución de bens e recursos, é urxente revisar os modelos actuais para evitar inxustas e dolorosas diferenzas entre parroquias ou sacerdotes.
110. En todos os contratos e transaccións económicas realizados ou aprobados pola diocese débense aplicar os criterios de legalidade, transparencia e xustiza, evitando absolutamente calquera sospeita de arbitrariedade.
111. Hase de elaborar un plan a nivel diocesano para abordar a cuestión do patrimonio eclesiástico infrautilizado (como casas reitorais baleiras ou terreos non explotados, por exemplo) para evitar que sexa gravoso para a diocese.
112. Hase de dar maior publicidade ás normas diocesanas relativas á xestión dos cemiterios parroquiais, ou, se é necesario, emanar outras novas.
113. Para liberar, na medida do posible, aos sacerdotes das xestións e obras dos cemiterios, a diocese estudará a creación dunha xestión central.
114. Foméntese nas parroquias e unidades pastorais un sistema de cotas parroquiais ou outro tipo de achegas voluntarias dos fieis, que permitan soste as necesidades económicas do culto e da pastoral.
115. Todas as unidades pastorais han de contar cun servizo de Cáritas, que, sen descoidar a atención puntual de casos de necesidade, se concentre sobre todo no acompañamento e promoción das persoas en risco de exclusión social.
116. Do mesmo xeito que se esixe para toda institución eclesial, tamén a xestión de Cáritas débese realizar con transparencia, para o que é de gran utilidade a publicación periódica das súas contas.

4. A celebración da fe: fonte e cume da existencia cristiá

I. MIRADA Á REALIDADE²

1. Sobre a celebración litúrxica en xeral

√ Unha acusación que se nos fai a miúdo aos cristiáns é que o noso testemuño de vida non é coherente coa fe que profesamos e celebramos.

√ Os cristiáns reunímonos no nome do Señor. Por iso as celebracións son de toda a Igrexa. A dimensión comunitaria dos sacramentos débese manifestar tamén no seu modo de celebración, evitando presentalos como algo privado ou illado.

√ Xunto ao anterior foi constante nas propostas dos grupos sinodais a solicitude de formación porque mesmo moitos dos que participan de maneira asidua na liturxia non están familiarizados co sentido profundo e a importancia da celebración cristiá.

√ Aínda que nalgunhas das nosas celebracións se aprecia con claridade a colaboración dos leigos, querida pola reforma litúrxica, o cuestionario preparatorio do sínodo e as propostas das Actas dos grupos sinodais puxeron de manifesto as nosas carencias neste sentido e a necesidade dunha maior colaboración e corresponsabilidade por parte de todos os que participan nas celebracións. Constátase que en moitas ocasións son sempre as mesmas persoas as que colaboran nos distintos e múltiples ministerios; e percíbese que noutros moitos casos falta, ou é moi feble, o sentimento de pertenza á Igrexa como comunidade.

√ Pídese tratar a cuestión do idioma na liturxia con naturalidade, tendo en conta a idiosincrasia da asemblea, e considerar o galego e o castelán como idiomas en pé de igualdade para unha verdadeira inculturación da fe. Aínda que, así mesmo, se solicita que se promova o uso do idioma galego nas celebracións.

2. Sobre a celebración dos sacramentos

● *A penitencia*

Dada a importancia para a vida cristiá do sacramento da Reconciliación, non podemos esquecer a profunda crise na que se atopa este sacramento. Somos conscientes do abandono que xa sofre, tanto por parte dos fieis, que descoidan o seu acercamento a este sacramento, como por parte do sacerdote, que con bastante frecuencia non se fai presente no confesionario. Posiblemente non cabe establecer unha relación de causa-efecto entre ámbalas dúas condutas; pero, de certo, o desinterese dos fieis polo sacramento faise “hábito” na medida que o sacerdote non fai uso do confesionario como o “altar” da reconciliación.

² Presentación sintética das propostas ofrecidas polos grupos sinodais.

- √ Percíbese a necesidade de formar ben a conciencia dos fieis sobre o misterio do pecado e do perdón.
- √ Insístese en que os sacerdotes han de coidar a súa formación espiritual e humana para exercer ben este ministerio, e han de estar dispoñibles para celebralo, sobre todo antes da Misa.
- √ Insístese en que a celebración tanto individual como comunitaria do sacramento non pode ser un momento illado, senón parte integrante dun proceso de conversión continua. E, ao mesmo tempo, vese como moi necesario redescubrir e visualizar mellor a dimensión eclesial deste sacramento, fomentando as celebracións comunitarias da penitencia.
- √ Pídese que se estableza en cada parroquia ou unidade pastoral, un horario, ou, polo menos, un calendario para a celebración do sacramento da penitencia, facilitando, sobre todo no mundo rural, a participación das persoas maiores que non poden desprazarse a outros lugares.

● *A Unción dos enfermos*

Semellante situación pastoral á do sacramento da reconciliación é a que sofre o sacramento da unción de enfermos. Este sacramento non é suficientemente coñecido nin valorado por moitos cristiáns. Pídese, en concreto:

- √ Potenciar a atención aos enfermos e ás persoas maiores, así como aos seus familiares ou ás persoas que os coidan, tanto nas parroquias como nos hospitais.
- √ Coidar a formación espiritual e humana dos axentes de pastoral que atenden e coidan aos enfermos; e favorecer, así mesmo, a coordinación de todos eles.
- √ Situar e potenciar a celebración do sacramento da unción dentro dunha axeitada pastoral dos enfermos, fomentando as celebracións comunitarias do sacramento da unción.

● *A Orde*

Respecto ao sacramento da orde, chegaron diversas propostas:

- √ Promover o ministerio do diaconado permanente.
- √ Fomentar a pastoral vocacional.
- √ Pídese que os seminaristas reciban unha maior formación humana y pastoral.

Dada a importancia que o ministerio ordenado ten na vida da Igrexa, as cuestións referentes a este sacramento trátanse na Sección sobre a Comunión da Igrexa.

● *O Matrimonio*

Neste contexto da vida sacramental non queremos pasar por alto a transcendencia que ten a pastoral cos matrimonios e as familias, aínda que sobre iso se trata tamén noutros documentos. Este é un campo que, como outros da pastoral sacramental, estivo desasistido ou, polo menos, non o suficientemente atendido; predominaron a rutina e o costume. Sen embargo, cada día descóbrese con máis claridade a súa importancia eclesial (cf. GS 47).

O entorno social e a cultura están a suxerir moitos interrogantes sobre o sentido que poida ter, no presente e no futuro, o sacramento do matrimonio e a familia. Por outra banda, percibimos cada vez máis o fenómeno das separacións, divorcios, unións de feito, menosprezo ou desprezo da institución matrimonial e familiar, descenso da nupcialidade e natalidade...

Vese necesario:

- √ Potenciar unha verdadeira pastoral da familia.
- √ Fomentar a formación de grupos de matrimonios.
- √ Coidar a acollida dos noivos e os encontros de preparación ao matrimonio.
- √ Coidar a celebración do sacramento do matrimonio, axudando aos noivos a se centrar nos aspectos máis importantes e esenciais, e a poñer nun segundo termo as cuestións de tipo máis formal ou social.

3. Sobre a Eucaristía e o Domingo

Toda análise sociorrelixiosa –tamén na nosa diocese– resalta que, sendo a misa dominical a celebración litúrxica máis significativa da vida cristiá, sen embargo, é reducida a porcentaxe dos que asisten e participan nela; e o que aínda preocupa máis é que tal conduta responde a unha perda de conciencia da esencia da fe, que é celebrar o misterio pascual comunitariamente e no Día do Señor. Non hai proporción entre o valor teolóxico que encerra a participación na Eucaristía dominical e o valor pastoral que, ás veces, se lle dá na parroquia. De aí que sexa lóxica a chamada de atención que fai o Concilio: “Hai que traballar para que florezca o sentido comunitario parroquial sobre todo na celebración común da Misa dominical” (SC 42).

Todos os fieis que integran a comunidade parroquial hanse de sentir convocados para celebrar a Eucaristía dominical, “para que a participación na Eucaristía sexa, para cada bautizado, o centro do domingo” (NMI 36). Aínda que é verdade que a asistencia á Eucaristía está con frecuencia fundamentada e motivada máis polo “precepto” que polo seu valor intrínseco e esencial para a vida cristiá, o prioritario que se sinala parece indicar que se ha de axudar a que os fieis cristiáns comprendan mellor o conxunto da celebración da eucaristía e poidan celebrala máis dignamente.

Unha demanda pastoral é que o párroco e os seus colaboradores parroquiais revisen cal é a realidade da misa dominical e dean resposta ás esixencias litúrxicas básicas, para que “os fieis participen nela consciente, activa e frutuosamente” (SC 11).

Este intento renovador é unha tarefa dura e difícil polo ambiente secularizado e por canto temos dito de relaxación na conciencia e práctica da misa dominical. Con todo, é un reto que impón aos párrocos unha tarefa de nova evanxelización.

4. Sobre as celebracións en ocasións especiais e outras cuestións

● Piedade popular

Non se pode pasar por alto –dada a súa transcendencia pastoral, aínda que de menor rango litúrxico– a relixiosidade popular, a piedade do pobo, expresada en distintas manifestacións e devocións. É sabido que “a participación na sagrada liturxia non abrangue toda a vida espiritual” (SC 12). A comunidade de fieis vibra con outras prácticas e devocións relixiosas que ocupan un espazo significativo do calendario pastoral das parroquias. Neste senso, revitalizar a parroquia esixe unha seria e profunda revisión do espazo que tales actividades relixiosas ocupan en relación coa centralidade que lle debe corresponder á liturxia, que é “cume e fonte” da actividade pastoral da Igrexa (cf. SC 10).

É por iso polo que se deben clarificar os criterios ante a realidade da relixiosidade popular: respecto e coidado, á vez que vixilancia purificadora da mesma, coa finalidade de acadar unha fe auténtica. Dende esta perspectiva equilibrada e pastoral, hanse de evitar posturas radicais: por unha banda, asumir sen sentido crítico as expresións e manifestacións que caracterizan a piedade popular; e, por outra, rexeitala absolutamente, tamén sen sentido crítico, polo feito de non encaixar plenamente cos canons teolóxicos da fe.

● As Exequias

- √ Recoñécese como un valor das nosas xentes a súa postura ante a morte e o coidado dos seus defuntos. Con todo, é necesario que a pastoral tenda a situar isto no seu verdadeiro lugar con respecto ao resto da pastoral litúrxica e ás demais accións pastorais.
- √ Formar aos cristiáns para que afronten, dende a fe, a realidade da enfermidade grave e, por suposto, da morte.
- √ Coidar, por parte dos sacerdotes e dos membros da comunidade cristiá, os momentos finais da vida dos bautizados, acompañando ao enfermo e tamén aos familiares.
- √ Constátase a importancia que ten para a evanxelización, o testemuño de proximidade dos sacerdotes e da comunidade cristiá, cando morre unha persoa.

5. Sobre a oración cristiá

Os grupos sinodais tamén consideraron importante aprender a orar e que se potencie a oración a todos os niveis.

- √ Para que os cristiáns sexan persoas orantes pídese que toda a actividade pastoral da Igrexa estea imbuída dun clima espiritual axeitado, e que os catecúmenos e catequizandos sexan iniciados e formados na oración e na espiritualidade cristiás.
- √ Insistiuse na necesidade de que as familias tomen moi en serio o labor de iniciar na oración aos máis pequenos.
- √ Hase de facilitar a organización de cursiños e talleres de oración, sen esquecer que a mellor escola de oración é a práctica.
- √ Suxírese participar en quendas de exercicios espirituais, ter unha axeitada dirección ou acompañamento espiritual e recorrer coa necesaria frecuencia á celebración do sacramento da reconciliación.
- √ Pediuse que se coiden os lugares de oración e que as igrexas estean abertas máis tempo, e que nelas se poida orar con comodidade, sen présas e sen ruídos.

II. Reflexións Teolóxico-Pastorais sobre a Liturxia

1. A celebración litúrxica

Xesús enviou aos seus apóstolos non só para que anunciaran o Evanxeo a todos os homes (cf. Mc 16,15), senón tamén a *celebrar e vivir* a obra da salvación que proclamaban de palabra mediante o sacrificio e os sacramentos ao redor dos cales xira a vida litúrxica, pola que Deus é perfectamente glorificado e os homes santificados (cf. SC 6). Esa misión de santificación dos homes e de convocar para celebrar a fe, encomendada por Xesús aos seus primeiros apóstolos, é a que continúa a Igrexa de todos os tempos, en todos os lugares onde ela está presente.

“Considérase a liturxia como o exercicio da función sacerdotal de Xesucristo na que, mediante signos sensibles, se significa e se realiza, segundo o modo propio de cada un, a santificación do home e, así, o corpo místico de Cristo, isto é, a Cabeza e os seus membros, exerce o culto público” (SC 7). Para realizar unha obra tan grande El mesmo está presente na *persoa do ministro* –cando alguén bautiza é Cristo quen bautiza–, nas *especies eucarísticas*, nos *sacramentos*, na súa *Palabra* –cando se le na Igrexa a Sagrada Escritura, é El quen fala–, está presente en cada *comunidade* pequena ou grande que se reúne para orar ou cantar salmos... (cf. SC 7).

As celebracións litúrxicas axúdannos a descubrir como Deus segue actuando na historia a través de signos; nelas recollemos agasallos de Deus para os distintos momentos e circunstancias da vida –dende o nacemento ata o solpor da nosa vida, xa sexan alegres ou tristes–, e á vez amósannos os compromisos dunha participación viva e activa. Por estas e outras razóns os cristiáns sabemos que non podemos prescindir delas. A celebración da fe prolóngase na vida, na forma de afrontar os acontecementos e as decisións diarias.

Cristo quere que a fe se transmita, se celebre e se viva en comunidade, en Igrexa. Celebra toda a comunidade. Non celebran só os sacerdotes. É *toda a comunidade, o Corpo de Cristo unido á súa Cabeza*, aínda que na celebración non todos os membros teñan a mesma función (cf. Rm 12, 4). Ningunha acción litúrxica é, pois, unha acción privada; tamén nela

estamos unidos aos santos, aos mártires, á Nai de Deus, a unha multitude inmensa que ninguén podería contar (cf. Ap 7, 9), á Igrexa universal.

A parroquia é o ámbito celebrativo ordinario e referente obrigado para a vida cristiá da maioría dos fieis, que se achegan a ela en relación coas distintas celebracións cultuais: sacramentos, piedade popular, devocións, etc. Nacemos no seo da parroquia polo Bautismo, nela medramos pola Palabra e a Eucaristía, e ela asístenos no adeus deste mundo. O itinerario existencial do cristián está ligado por medio da fe á parroquia, comunidade que celebra os misterios de Cristo. Agora ben, se os fieis non están iniciados nesta dimensión litúrxica da parroquia, non é de estrañar que, ás veces, soliciten os sacramentos máis por motivo social ou costume familiar que por razón de fe e sentido eclesial. A renovación, pois, da parroquia impón como urxente “a necesidade de fomentar teórica e practicamente entre os fieis e o clero a vida litúrxica parroquial...” (SC 42).

Con todo, no proceso de progresiva instauración de unidades pastorais que a nosa diocese asumiu como tarefa, haberán de ser as devanditas unidades as que asuman en gran medida o papel que tradicionalmente desempeñaron as parroquias.

A Igrexa, continuadora da misión de Xesús, ha de coidar e promover a forma comunitaria na recepción dos sacramentos ou na preparación e desenvolvemento de calquera outro encontro celebrativo, evitando as consecuencias que as actitudes privatizadoras ou individualistas poidan ter sobre as celebracións da fe.

2. A celebración dos sacramentos

Dende os tempos apostólicos a Igrexa non deixou de se reunir para “a ensinanza dos apóstolos, a comunión, a fracción do pan e as oracións” (Hch 2, 42). A liturxia acada o seu cume na celebración dos sacramentos. Os sacramentos son “signos eficaces da graza, instituídos por Cristo e confiados á Igrexa, polos cales nos é dispensada a vida divina. Os ritos visibles baixo os cales os sacramentos son celebrados significan e realizan as grazas propias de cada sacramento; e dan froito en quen os recibe coas disposicións requiridas” (CCE 1131).

A doutrina conciliar lembra, por outra banda, que os sacramentos non só supoñen a fe, senón que, á súa vez, a alimentan, a robustecen e a expresan por medio de palabras e de accións; por iso son denominados sacramentos da fe (cf. SC 59).

O maxisterio da Igrexa pídenos reforzar a pastoral dos sacramentos, para que se recoñeza a súa verdade profunda. Sinálanse agora algunhas reflexións referidas, sobre todo, aos sacramentos como medios da santificación dos homes, da celebración da fe da Igrexa e da transmisión desta fe.

a) Os sacramentos son accións sagradas, porque é o mesmo Deus quen actúa neles para a edificación da Igrexa e a santificación dos homes. A Igrexa celebra os sacramentos, non os inventa; aliméntase deles e chégalle por eles a forza salvadora de Cristo no Espírito Santo.

Nalgunhas situacións eclesiais, os sacramentos poden perder o seu auténtico sentido e quedar banalizados os misterios celebrados (cf. EE 74). Os sacramentos non poden quedar nunca reducidos a pura celebración da vida humana, xa que quedarían, entón, despoñados do seu carácter sagrado; é dicir, non poden deixar de ser celebracións do misterio salvífico

trinitario e acollida dos seus dons, polos que se alimenta a fe, a esperanza e a caridade, se fortalece a auténtica vida espiritual e se desenvolve o testemuño misioneiro (cf. EE 70-71).

Noutras situacións, moitos bautizados, por costume e tradición, seguen recorrendo aos Sacramentos en momentos significativos da súa existencia, pero sen vivir conforme ás normas da Igrexa (cf. EE 74). Nestas situacións, “as celebracións sacramentais deben poñer de manifesto, sobre todo, que non teñen como obxecto colmar os desexos e os temores do home, [...] resultado dunha relixiosidade ambigua e inconsistente” senón “proclamar que a nosa esperanza nos vén de Deus, por medio de Xesús, o noso Señor, ao que celebramos coa liturxia e con toda a existencia” (EE 71).

b) Os misterios da fe que confesamos no Credo, celebrámoslos nos sacramentos. A catequese e a celebración dos sacramentos son dúas accións pastorais que, lonxe de se contraponer, se necesitan, implican e complementan mutuamente.

c) A participación “consciente, activa e frutuosa” (SC 11) nos sacramentos, en particular na Eucaristía dominical, debe ser coidada e fomentada segundo o desexo do Concilio. Esta participación, que non ha de ser confundida co exclusivismo duns poucos selectos nin co activismo, refírese á totalidade dos membros do Pobo de Deus, que celebran como comunidade toda ela sacerdotal, pero ministerialmente diferenciada.

A participación na acción litúrxico-sacramental exprésase tamén a través de distintos ministerios laicais na celebración: acólitos, lectores, salmistas, ministros da comunión, etc., como servizos internos da comunidade cristiá e expresión da súa condición de asemblea santa, reunida no nome do Señor.

Outro dos elementos que máis directamente inflúen na participación de todos na liturxia é, sen dúbida, o canto, expresión orante e proclamación de fe. O canto da comunidade, a íntima unión da música coa celebración e o tempo litúrxico, son medios moi favorables e expresivos dunha auténtica participación. Neste senso é importante lembrar aos encargados de preparar e acompañar o canto, a responsabilidade de “cantar a liturxia” e “non de cantar na liturxia”. Así mesmo, o “sagrado silencio”: o clima e o tempo de silencio favorecen a participación e a interiorización da comunidade cristiá que celebra.

A participación de todos debe ser axudada especialmente por equipos de animación litúrxica, que han de preparar coidadosamente a celebración, distribuír as diferentes tarefas e servir á totalidade da asemblea reunida.

A celebración dos sacramentos precisa tamén a formación axeitada de todos os que participan neles, principalmente dos ministros, servidores dos Misterios sagrados; e dos equipos de animación litúrxica. Esta formación litúrxico-sacramental debe axudar a comprender o verdadeiro sentido das celebracións da Igrexa; require, ademais, unha axeitada mistagoxía sobre os ritos litúrxicos e debe favorecer unha auténtica espiritualidade litúrxica, porque da celebración litúrxica é, sobre todo, de onde se alimenta e se fortalece a vida espiritual e apostólica dos cristiáns.

3. A Eucaristía e o Domingo, día do Señor

A Eucaristía dominical é o lugar privilexiado onde a comunión é anunciada e cultivada constantemente. A forma máis plena de renovar a nosa fe en Xesús é a participación na

Eucaristía. Como di o Concilio Vaticano II, “neste día, os fieis débense reunir a fin de que, escoitando a Palabra de Deus e participando na Eucaristía, lembren a paixón, a resurrección e a gloria do Señor Xesús e dean grazas a Deus, que os fixo renacer á viva esperanza pola resurrección de Xesús de entre os mortos” (SC 106).

É preciosa aquela pasaxe de Emaús, onde se di que “o recoñeceron ao partir o pan” (Lc 24,30s). A misa dominical, polo tanto, supera o mero cumprimento dun precepto. A participación na Eucaristía do domingo é o centro do día do Señor e a prioridade por excelencia de toda a vida celebrativa cristiá, á vez que é tamén signo de identidade cristiá e de pertenza á Igrexa. Os cristiáns non poden reducir o domingo a un simple fin de semana ou a un tempo puramente lúdico. Todos os crentes e as comunidades cristiás deben revalorizar o domingo como festa dos cristiáns, día da Eucaristía e lugar primeiro e fundamental da asemblea cristiá, e como día de “descanso cheo de fraternidade e de xúbilo cristián” (EE 82).

Como comunidade litúrxica, a parroquia é, fundamentalmente, unha comunidade eucarística que ten como celebración central a Eucaristía no Día do Señor. A parroquia é a concreción local da Igrexa: non é principalmente unha estrutura, un territorio, un edificio, senón unha asemblea convocada na fe polo Espírito. A parroquia edifícase na medida que se convoca aos fieis en asemblea para celebrar a Eucaristía, porque é esta a que constrúe a Igrexa e, polo tanto, tamén a comunidade parroquial: “a Eucaristía, construíndo a Igrexa, crea precisamente por iso comunidade entre os homes” (EE 24). A fraternidade humana consolídase pola Eucaristía, e “grazas á Eucaristía a Igrexa renace sempre de novo” (SCar 6). É preciso revitalizar os lazos comunitarios, cuxa vivencia e manifestación máis xenuína é a celebración da Eucaristía no Día do Señor. É ben elocuente o Concilio cando afirma: “hai que traballar para que florezca o sentido comunitario parroquial sobre todo na celebración común da Misa dominical” (SC 42). É especialmente significativo celebrar o Día do Señor na parroquia, xa que “o domingo é a festa primordial, que debe inculcarse á piedade dos fieis” (SC 106). Todos os fieis que integran a comunidade parroquial hanse de sentir convocados para celebrar a Eucaristía dominical, porque “na celebración da Eucaristía cada fiel se atopa na súa Igrexa, é dicir, na Igrexa de Cristo” (SCar 15).

Na nosa xeografía rural diocesana xa existen varias parroquias nas que non se celebra a Eucaristía todos os domingos. O despoboamento de numerosos núcleos rurais, unida á dispersión dos mesmos e á abundancia de lugares a atender por un so sacerdote é causa de grande dificultade para que a comunidade dun determinado lugar se reúna. Algunhas propostas concretas para abordar esta realidade son as celebracións dominicais en ausencia de sacerdote, reguladas no *Directorio para as celebracións en ausencia do presbítero* da Sagrada Congregación do Culto Divino (2 de xuño de 1988). Existen na diocese moitos cristiáns que, coa debida actualización e supervisión, poden compartir o Pan da Palabra por medio das lecturas, da homilía e da oración universal, e o Pan da Eucaristía distribuíndo a Comuñón entre os asistentes. Inda máis, sería preciso suscitar e mimar a persoas que fixeran esta mesma tarefa na súa comunidade cristiá e coordinadas cos sacerdotes. Outra solución é que se promova a colaboración dos sacerdotes menos ocupados, dos relixiosos e dos diáconos, se os houbera.

E máis aló de solucións puntuais, imponse, segundo sinala a Sección I do presente documento, a progresiva instauración das unidades pastorais que asuman tamén a revitalización da vida litúrxica das comunidades, e que, indo máis aló dunha mera agregación de distintas parroquias, poidan facer visible de forma máis efectiva a centralidade da Eucaristía na existencia cristiá.

4. As celebracións en ocasións especiais

Gratuidade, fronte a consumismo

A liturxia é don de Deus, agasallo, total gratuidade. El dásenos e déixanos en liberdade para aceptalo ou rexeitalo, pero non nos cobra nada: “gratis o recibistes, dádeo gratis” (Mt 10,8). Os grupos sinodais manifestaron que non se deben converter as celebracións cristiás nun autoabastecemento das cousas divinas que consideramos necesarias para ter a nosa conciencia tranquila, e ademais pagando. Sería empobrecer a grandeza do don de Deus. É preciso desterrar todo o que soe a “consumismo” nas nosas celebracións. Deste principio despréndese tamén a necesidade de separar o necesario mantemento económico da Igrexa, comunidade de crentes, da recepción e celebración de sacramentos.

Morte cristiá, funerais e exequias

A Igrexa, que acompañou ao crente ao longo da súa vida, faino de xeito particular nos últimos días de cada persoa, para vivilos dun modo máis persoal, máis digno, acompañando e abrindo á esperanza. Os funerais na Igrexa –lugar propio desta celebración– adoitan ser, na nosa terra, o único acto social en torno ao defunto e a súa familia, aínda que hai diferenza de clima humano e relixioso dependendo de se se trata de pobos pequenos ou de parroquias urbanas.

Con todo, e en medio da variedade de persoas e a súa vinculación á Igrexa e o grao de fe, realízanse unha serie de oracións que non son de angustia nin de desesperación, senón de confianza, esperanza e consolo. É preciso coidar con esmero a liturxia para que sexa atraente e catequética, especialmente para os que se senten distantes da Igrexa e participan neses ritos: celébrase a morte do cristián como acontecemento de salvación e como comezo da vida definitiva.

A Igrexa, servidora dos homes, está impulsada pola súa fe en Cristo resucitado (CCE 1681). Ela mesma ha de ser e aparecer como signo de esperanza e ha de invitar ao home de hoxe a mirar, encarar e vivir a morte con realismo e con esperanza, dende a proximidade e o respecto, por medio de celebracións dignas e preparadas, coa participación do maior número de persoas. Neste senso sería enriquecedor un estudo, selección e renovación de cantos de exequias que axudaran a unha maior profundación na esperanza cristiá. Deste xeito, os crentes confían ao recordo de Deus a quen pronto quizais comezará a ser esquecido polos homes.

Piedade popular

A piedade popular sempre existiu na vida da Igrexa. É máis, está integrada no ser eclesial, forma parte da vida e comunidade da Igrexa, que a leva no seu seo e a sente formando parte do seu ser. Está aí, na vida do pobo, sendo en moitos casos o único soporte intelixible para as relacións entre Deus e moita xente sinxela. A piedade popular é o modo que ten o pobo, a xente sinxela, de vivir e expresar a súa relación con Deus, a Virxe e os santos, non só en privado, senón tamén en comunidade e participación eclesial.

Hoxe é necesario prestar atención ao feito evidente da supervivencia e actualidade desta piedade no pobo, pois é un fenómeno que non só perdurou nunha época de secularización, non crenza e indiferenza relixiosa, senón que semella ir en aumento. Imponse, pois, un necesario e ineludible discernimento evanxélico. Nin a exclusión, nin a aceptación acrítica parecen aceptables. A exclusión non, porque sabemos que en todas esas expresións existen elementos positivos e válidos. Pero a aceptación acrítica tampouco, porque sabemos que

moitas destas manifestacións relixiosas teñen un carácter de compensación, non de fe. Por iso, son necesarios uns criterios que nos axuden a separar o trigo da palla. Os documentos do Maxisterio ofrécennos os necesarios elementos de valoración para ese indispensable discernimento.

A relixiosidade do pobo é un fenómeno ambiguo; contén valores humanos e evanxélicos, pero a miúdo comporta límites e riscos.

* Entre os *aspectos positivos* cabe destacar que se pon de relevo o sentido da transcendencia e se captan os atributos de Deus (Pai, providente, compañeiro e amigo do home e da vida); se rescata aos homes dunha sociedade sofisticada, anónima, complexa, impersoal, aportando un sentido alegre, familiar, comunitario e festivo; fomenta a participación dos segrares por medio de asociacións e confrarías; xera actitudes como a paciencia, o desapego, a solidariedade, o esforzo...

* Hai *deformacións* que empanan o anterior: carencia dunha axeitada formación relixiosa que fai prevalecer o sentimentalismo sobre o racional da fe; o sentido materialista ou mercantilista de moitos actos nos cales se pretende “facer trato” ou negociar con Deus; o quedar en medios, imaxes, devocións... sen chegar ao Deus anunciado por Xesús; a ausencia de coherencia e de compromiso coa vida real para buscar unha maior xustiza, fraternidade e solidariedade; a falta de referencia dentro dunha comunidade cristiá ou de pertenza á Igrexa; predominio do folclórico-aneecdótico sobre unha fe entendida correctamente.

É preciso estar atentos para revisar, corrixir e incluso suprimir aquelas manifestacións claramente inapropiadas como expresión da fe onde se mestura o sagrado co profano ou que se converten en espectáculo pagán.

5. A oración cristiá

Non se pode esquecer, xunto á vida celebrativa, a presenza da oración na experiencia cristiá de cada crente e de toda a comunidade. Así o lembrou o Concilio Vaticano II: a vida espiritual non se esgota só coa participación na sagrada liturxia.

A oración é esencial para a vida dos cristiáns, sexa cal sexa a súa vocación na Igrexa. Sen oración, os cristiáns “correrían o risco de que a súa fe se debilitara progresivamente, e quizais acabarían por ceder á sedución dos sucedáneos, acollendo propostas relixiosas alternativas e transixindo mesmo con formas extravagantes de superstición” (NMI 34).

As comunidades cristiás deben convocar aos seus fieis non só para a celebración litúrxica, senón tamén para a oración. Cada vez son máis os cristiáns que senten a necesidade de silencio, oración, interioridade, diálogo con Deus, e é máis frecuente atopar espazos de oración: Liturxia das Horas, *lectio divina*, encontros de oración nos tempos fortes..., nas propias comunidades cristiás.

A oración litúrxica e comunitaria presupón a oración persoal, e a oración persoal necesita a oración comunitaria. Nun caso e noutro, o cristián lembra que o culto que agrada a Deus non é a ofrenda de cousas, senón a propia existencia entregada ao cumprimento da vontade de Deus, seguindo as pegadas de Cristo Xesús, que veu dar a súa vida en rescate por todos. Na oración persoal o cristián pon en práctica o esencial da fe, que é a amizade co

Señor, segundo a definición de Santa Tareixa: “tratar de amizade estando moitas veces tratando a soas con quen sabemos que nos ama” (*Vida*, 8,5).

DISPOSICIÓN E ORIENTACIÓN PASTORAIS

1. A celebración litúrxica en xeral

117. A Igrexa, pola súa mesma natureza, é unha comunidade que ora e celebra a súa fe. Nesta dimensión orante e celebrante ocupan especial lugar os sacramentos, para gloria de Deus e santificación dos homes.
118. Hase de fomentar o sentido comunitario das celebracións litúrxicas, por ser celebracións de toda a Igrexa e recoller nelas a vida da comunidade concreta, da Igrexa diocesana, da Igrexa universal e do mundo enteiro.
119. Cóidense sempre con esmero as celebracións, sexa pola súa dignidade intrínseca como polo valor catequético que ten unha liturxia “seria, sinxela e fermosa” (Bieito XVI).
120. Cóidese sempre a acollida nas celebracións litúrxicas.
121. Os espazos litúrxicos (ambón, sé, altar...) deben ser preparados con dignidade, evitando por igual o deixamento e a extravagancia.
122. Prepárense coidadosamente as celebracións sacramentais con todos os elementos que as integran e os servizos litúrxicos que se deben prestar. Para iso compróbase antes da celebración que os signos litúrxicos, cantos, monicións, lecturas, folletos, flores... foron preparados e están adaptados á xente, ao tempo litúrxico e orientan a participación de todos.
123. En cada parroquia, ou, no seu caso, en cada unidade pastoral, debería existir un equipo de animación litúrxica, que reciba formación e coopere activamente na preparación e desenvolvemento das celebracións, organizando os distintos servizos ou ministerios dentro da asemblea: lectores, monitores, director de canto, salmista, acólitos, etc.
124. Hase de prestar particular atención á formación e a espiritualidade litúrxicas dos sacerdotes, dos membros dos equipos de liturxia e, en xeral, das comunidades cristiás.
125. A delegación diocesana de liturxia procure prover de materiais e medios para formar os equipos litúrxicos das parroquias ou unidades pastorais, mesmo desprazándose ás distintas zonas da diocese para estimular a súa creación onde aínda non existan, orientar o seu crecemento e coordinar o seu funcionamento a nivel diocesano.
126. Débese potenciar a formación litúrxica en todos os ámbitos da vida diocesana (parroquias, grupos, comunidades, movementos apostólicos, etc.). Para iso, a Escola Diocesana de Axentes de Pastoral introduza unha preparación específica a este respecto, dirixida especialmente a catequistas e profesores de Ensinanza Religiosa Escolar.

2. A eucaristía e o domingo

127. A eucaristía é fonte e cume da vida cristiá. Ela impúlsanos a vivir co espírito de quen entregou a súa vida por nós e nos congrega para presentar ante o Señor os gozos e os

- sufrimentos da vida. É, polo tanto, esencial á integridade dunha comunidade cristiá, e o ideal sería que en todas as parroquias se puidera celebrar polo menos nos domingos.
128. Dada a escaseza de presbíteros, e tendo en conta as limitacións que impón o Dereito Canónico sobre o número de misas que pode celebrar un sacerdote ao día, débese garantir polo menos a celebración dominical na parroquia central de cada unidade pastoral. Nas demais parroquias, procederase como establecen as disposicións correspondentes á Sección sobre a Renovación Pastoral.
 129. O domingo, día do Señor, é o día por excelencia no que se reúne toda a comunidade cristiá, e, por iso, hanse de favorecer, en principio, as celebracións nos horarios previstos para toda a comunidade.
 130. Os arciprestados ou zonas pastorais procuren distribuír os horarios das misas de xeito que se evite unha acumulación innecesaria de celebracións coincidentes en lugares demasiado próximos.
 131. A diocese promulgará canto antes un Directorio sobre a eucaristía e o domingo, no que, entre outras cousas, se expoña con claridade que se entende por liturxia vespertina do sábado e de vésperas de festivo e que formularios están permitidos nela.
 132. Alí onde non fose posible celebrar a misa o domingo, son recomendables as asembleas dominicais en ausencia de presbítero, aínda sabendo que non son equiparables á celebración eucarística.
 133. As unidades pastorais deben contar con diáconos ou leigos capacitados para dirixir asembleas dominicais en ausencia de presbítero. A escola diocesana de axentes de pastoral proporcionará a formación axeitada para o devandito ministerio.
 134. Na celebración da eucaristía cada un debe realizar o ministerio que lle corresponde. Procuren os párrocos e demais responsables pastorais fomentar nas súas comunidades os ministerios litúrxicos laicais, como os de lectores, acólitos e cantores.
 135. Os encargados da animación musical nas comunidades e os directores de coro poñan todo o seu esmero na selección dos cantos, procurando que garden consonancia co tempo litúrxico ou a festividade que se celebra, así como co momento da celebración.
 136. A delegación diocesana de liturxia, na súa sección de música sacra, organice cursos e encontros, especialmente dirixidos aos animadores musicais das comunidades e aos directores de coro, para fomentar o sentido litúrxico do canto nas celebracións.
 137. Na celebración dos sacramentos, e de xeito particular, na eucaristía, a Palabra de Deus ocupa un lugar prominente e está destinada, pola súa mesma natureza, á escoita. Débese, polo tanto, proclamar coa debida dignidade, coa claridade e entoación axeitadas para ser audible e intelixible pola asemblea. Na medida do posible, organicen as unidades pastorais grupos de lectura bíblica, que sirvan tamén para a preparación de quen haberá de proclamar as lecturas na eucaristía dominical.
 138. As homilías garden relación coas lecturas, iluminen o misterio que se celebra, sexan relevantes para a vida e orienten o compromiso cristián pola xustiza na sociedade. Deben ser concretas, sinxelas, directas, claras e adaptadas á capacidade da xente e ás circunstancias concretas que vive a comunidade.
 139. A participación na eucaristía só é plena cando se comunga o Corpo de Cristo. Os fieis cristiáns han valorar axeitadamente o que iso significa e sentir a súa nostalxia cando non se pode facer. Os pastores han de estimular a plena participación dos fieis na comunión, explicando axeitadamente as condicións para facelo proveitosamente, sen estreituras nin lasitude.

3. A celebración doutros sacramentos

a) A penitencia e a unción de enfermos

140. O sacramento da Penitencia debe ser especialmente coidado, celebrado e integrado no camiño da conversión cristiá, que debe ser unha actitude permanente na vida dos bautizados.
141. É preciso formar ben a conciencia dos cristiáns sobre o misterio do pecado e do perdón, e axudar a descubrir e a valorar a necesidade da celebración sacramental da Penitencia e a Reconciliación para o crecemento da vida cristiá.
142. Procuren os párrocos facilitar a celebración, tanto individual como comunitaria, do sacramento da Penitencia, sobre todo, nos tempos litúrxicos penitenciais e, tamén, con ocasión dalgunhas das festas do ano litúrxico.
143. Procúrese que o lugar da celebración do sacramento da Penitencia sexa idóneo, trátese do confesionario ou doutro lugar oportuno.
144. Ofrezan as parroquias momentos sinalados nos que os fieis saiban que poden acudir a recibir o sacramento da penitencia, procurando evitar que coincida coa celebración da misa.
145. Á parte diso, todos os sacerdotes deben estar dispostos sempre a oír confesións cando se lles solicite razoadamente.
146. Teñan en conta os pastores que na nosa diocese non se dan actualmente as circunstancias requiridas polo dereito para celebrar a reconciliación dos penitentes con absolución xeral sen confesión individual.
147. A pastoral da saúde e de atención ás persoas maiores nas comunidades cristiás hase de considerar unha prioridade. Para iso, as parroquias ou as unidades pastorais han de ter equipos de atención aos enfermos e ás súas familias que ofrezan compañía, oración, comunión e fagan seguimento da situación dos enfermos.
148. Cóidese con esmero a formación espiritual e humana destes axentes de pastoral da saúde e procúrese a coordinación de todos eles.
149. É desexable que os enfermos de calquera parroquia ou comunidade cristiá poidan recibir a Sagrada Comunión o domingo, como Día do Señor, mediante a colaboración, se é preciso, de ministros extraordinarios da Comunión.
150. O sacramento da unción dos enfermos hase de integrar na pastoral da saúde. Coiden os pastores de que os fieis o vexan como un momento particular da atención que a Igrexa presta aos seus enfermos, e non como un acontecemento tráxico nos límites da vida.
151. Para iso son moi útiles as celebracións comunitarias do sacramento da unción, aínda que, para evitar trivializar o sacramento, cómpre ter sempre en conta quen son os seus destinatarios segundo a norma da Igrexa.

b) O matrimonio

152. A celebración do sacramento do matrimonio debe ser un momento especial da pastoral familiar, que inclúa a preparación, a celebración e o seguimento.
153. A escola diocesana de axentes de pastoral prestará particular atención á formación de persoas capaces de animar axeitadamente a pastoral familiar, e, concretamente, de impartir catequeses de preparación ao matrimonio e de atender ás familias en situacións especiais.
154. A diocese establecerá un ou varios modelos de encontros de preparación ao matrimonio, dende unha perspectiva catecumenal, cun enfoque realista e pastoral, tendo en conta a sociedade actual e a visión cristiá da vida conxugal e familiar, orientados a formar un proxecto de familia cristiá, que garantan un testemuño público e crible da defensa do matrimonio e da familia, do respecto á vida, da educación cristiá dos fillos e de espiritualidade propia do matrimonio cristián.
155. Cando, por circunstancias especiais, os noivos non puidesen asistir aos encontros de preparación ao matrimonio, as propias parroquias ou unidades pastorais se encargarán

- diso, axustándose aos tempos dos futuros contraentes, pero mantendo os aspectos fundamentais da preparación.
156. O expediente matrimonial e as amoestacións realícense onde o interesado vive habitualmente.
 157. A preparación do expediente matrimonial pode ser tamén un momento proveitoso para expoñer aos noivos o sentido cristián do matrimonio, ao fío das propias preguntas do expediente.
 158. A celebración do sacramento do matrimonio é unha acción litúrxica, e ese sentido debe primar sobre outro tipo de aspectos sociais. Ao ser unha celebración litúrxica hanse de observar as normas e principios propios deste sacramento. Procúrese que, ante todo, os contraentes e tamén os demais asistentes tomen conciencia do carácter relixioso do acto.
 159. Invítase ás parroquias e unidades pastorais a crear ou potenciar grupos de matrimonios preparados e con inquedanzas que acollan aos noivos, aos casados recentemente e a outros matrimonios con quen poidan compartir anhelos e esperanzas.
 160. É preciso crear ou potenciar os organismos diocesanos, arciprestais ou parroquiais oportunos para ofrecer acollida e resposta aos cristiáns que se atopan en situacións irregulares respecto ao matrimonio canónico.
 161. Téñase especial coidado coa selección do repertorio musical nas celebracións do sacramento do matrimonio. Consultando ou derivando, se fose necesario, ao Secretariado de Música Sacra as dúbidas.

4. Celebracións en circunstancias especiais

162. É necesario coidar con particular atención as celebracións con presenza numerosa de persoas que frecuentan pouco a igrexa ou que mesmo non son crentes, como ocorre en enterros, aniversarios, matrimonios, primeiras comunións ou confirmacións.
163. Neses casos, débese preparar a homilía tendo en conta o tipo de audiencia presente, amosando mesmo aos non crentes a boa nova que se celebra en tal ocasión.
164. Os funerais son unha celebración do misterio pascual, da comunión dos santos e do sentido cristián da dor e da morte. Tendo en conta a historia concreta do defunto, a dor e a experiencia da familia, debe resaltar, sobre todo na homilía, a boa nova de Xesucristo, morto e resucitado, en quen coñecemos o amor de Deus. Non se descoide o trato coa familia da persoa falecida. Amóse a liturxia exequial como unha celebración da comunidade cristiá que ora por un dos seus membros, e non como un servizo máis de entre os que presta a funeraria.
165. Respéctense as normas litúrxicas sobre os días nos que non se permite a misa exequial.
166. Para facer posible que a comunidade cristiá participe na oración polos irmáns que finaron, procurarase, cando non supoña grande incomodidade, que os ritos exequiais dos fregueses teñan lugar na propia parroquia, aínda cando os velorios tiveran lugar nos hospitais ou tanatorios. Evítese celebrar as exequias nos tanatorios cando xa se teñan celebrado ou se vaian celebrar na parroquia.
167. A piedade popular ten múltiples manifestacións na nosa diocese e, ben canalizada, pode ser unha ocasión propicia para a evanxelización e a formación cristiá do pobo de Deus.
168. Purifíquense e renóvense as manifestacións de piedade popular, para evitar absolutamente unha concepción máxica ou supersticiosa da relixión cristiá, así como o mercantilismo que puidera existir arredor delas.
169. É desexable a formación dun equipo diocesano de atención á pastoral relacionada coa piedade popular, integrado por sacerdotes e leigos, en colaboración coas delegacións de catequese e liturxia, para estudar as principais manifestacións de relixiosidade popular na nosa diocese. Neste equipo tamén debería participar unha representación da

delegación de pastoral da saúde, en consideración dos moitos santuarios aos que acoden peregrinos afectados dalgunha doenza.

170. A diocese publicará un *Directorio diocesano de piedade popular* con orientacións litúrxicas e pastorais que faciliten unha maior unidade de criterios e normas claras extensibles a parroquias, santuarios, asociacións e confrarías.
171. Nas festas populares e romarías, nas que, por tradición, se celebran varias misas no mesmo día, debe primar a calidade celebrativa e evanxelizadora sobre a cantidade de misas. Tendo isto en conta:
 - a. nunca se programen máis misas das que se poidan celebrar coa suficiente calma e dignidade;
 - b. lémbrese que está absolutamente prohibido encadear unha misa tras outra sen que o sacerdote abandone o altar;
 - c. cada misa débese celebrar íntegra, sen saltar ningunha das súas partes;
 - d. non se omita a homilía pola simple razón de brevidade.
172. Cando polo número de asistentes as celebracións se deban facer fóra do templo, hase de procurar que o ambiente non atente contra a dignidade do acto litúrxico.
173. Revítese a linguaxe das novenas e exercicios piadosos existentes que quedaron anticuados e resultan incomprensibles ou inadecuados, introducindo máis a Palabra de Deus nas reflexións e no conxunto das oracións.
174. Foméntese o uso do galego como lingua propia da Igrexa en Galicia: na liturxia, na predicación, na catequese, nos medios de comunicación social, etc.

5.A oración cristiá

175. Onde sexa posible, foméntese tamén a reunión da asemblea cristiá para celebracións non sacramentais de oración, como o canto da Liturxia das Horas, a adoración eucarística, ou a *lectio divina*.
176. Ademais da oración comunitaria, é desexable que os templos se manteñan abertos, polo menos durante un horario sinalado, para a oración persoal, alí onde sexa posible sen detrimento da seguridade.
177. As distintas Delegacións diocesanas, parroquias, Centros de espiritualidade, comunidades relixiosas e grupos de oración favorezan e impulsen accións concretas de oración: momentos de oración comunitaria, escolas e encontros de oración, exercicios e retiros espirituais, a escoita da Palabra de Deus orientada a promover unha vida máis fraterna e o compromiso coas necesidades da Igrexa, da sociedade e do mundo, así como o acompañamento espiritual.
178. As comunidades contemplativas e outras comunidades relixiosas procuren ofrecer tempos e espazos de oración abertos e regulados mediante horario, para a participación doutros fieis e así compartir eclesialmente a oración.

5. Igrexa e sociedade

O cristián, cidadán do ceo, forma parte tamén da sociedade civil. Sabemos que Deus quere a felicidade dos seus fillos tamén nesta terra, aínda que estean chamados á plenitude eterna, porque El creou todas as cousas “para que as gocemos delas” (1 Tm 6,17), para que todos poidan gozar delas. Esta circunstancia levou ao longo dos séculos a distintos modos de actuar, tanto do crente en canto individuo como da Igrexa no seu conxunto. Ante situacións tan diversas, non é doado pronunciar unha palabra única, como tampouco propoñer unha solución con valor universal.

Igrexa, sociedade e cultura

Hoxe en día, en que a sociedade civil deixou de ser, non só oficialmente, senón tamén en gran medida de feito, confesionalmente cristiá, bastantes dos nosos diocesanos atópanse ante unha dobre fidelidade que non en poucas ocasións se amosa antagónica, e que pode crear mesmo desconcerto: á Igrexa e á sociedade civil.

Ao longo dos séculos, a Igrexa asumiu como misión propia tanto a inculturación do Evanxeo como a evanxelización da cultura. Non é unha tarefa doada, pois sempre existe o risco, ben de sacrificar algúns valores evanxélicos ás ideas dominantes, ben de se parapetar nas propias tradicións fronte aos cambiantes signos dos tempos. Pero iso non debe provocar desalento. É preciso afastar todo pesimismo e asumir a responsabilidade de comunicar o evanxeo con alegría. Hoxe como onte, a Igrexa é invitada a unha actitude de diálogo sincero e humilde co mundo, a encarnar o Evanxeo na cultura contemporánea, non para diluír a súa esencia na intranscendencia, senón para saber captar as cousas positivas que ofrece o noso tempo, para avaliar á luz do evanxeo as ambiguas e para aprender a discernir o que é incompatible coa nosa fe, evitando os extremos dunha excesiva rixidez e dunha perda de identidade.

A inculturación do Evanxeo e a evanxelización da cultura han de ter en conta tanto as circunstancias xerais do mundo globalizado no que vivimos como as particulares e específicas da nosa terra. Por poñer só uns exemplos, que poderían multiplicarse case ata o infinito, poderíamos mencionar as crises económicas, tanto a nivel mundial como a nivel local, os problemas migratorios (en ámbolos dous sentidos: de ida e de vinda), a presenza no noso territorio de relixións que non formaban parte da nosa tradición —o que esixe aguzar as ferramentas de diálogo—, as redes sociais, a omnipresenza dos medios de comunicación ou o uso da lingua falada pola nosa sociedade, que non se esgota, aínda que tamén a inclúe, na cuestión do idioma.

A pesar da globalización, da universalización dos medios de comunicación e das redes sociais, non teñen a mesma aparencia social unha cidade, unha vila ou unha parroquia rural, a zona costeira ou o interior... A Igrexa non debería rexeitar do emprego de disciplinas científicas, como a socioloxía, para poder desempeñar de modo máis eficiente a súa misión.

Como Igrexa Compostelá do século XXI, neste hoxe que nos tocou vivir, unha vez máis debemos comprometer nos nunha dobre fidelidade: por unha banda á humanidade de

Xesús, dalgún xeito presente en cada home; e, por outra, á misión que El encargou á súa Igrexa de anunciar o Evanxeo, que é El mesmo, a toda criatura. As palabras do Concilio Vaticano II seguen a conservar toda a súa actualidade e valor profético: “Os gozos e as esperanzas, as tristezas e as angustias dos homes do noso tempo, sobre todo dos pobres e de cantos sofren, son á vez gozos e esperanzas, tristezas e angustias dos discípulos de Cristo. Nada hai verdadeiramente humano que non atope eco no seu corazón” (GS 1).

Presenza na vida pública

Xesucristo fai partícipes aos seus discípulos da súa mesma misión (cf. Jn 17, 18). Ningún cristián debe excluírse nin verse excluído da misión evanxelizadora. Por outra banda, a Igrexa ten como unha das súas notas fundamentais a comunión. En virtude dela, resulta fundamental a coresponsabilidade. Por ocupar un posto propio no medio do mundo, os segrares son chamados para santificalo dende dentro, a modo de fermento (cf. LG 31). Sen excluír o seu compromiso cara dentro da comunidade cristiá, o seu campo de traballo prioritario “é o mundo vasto e complexo da política, do social, da economía; tamén da cultura, das ciencias e das artes, etc.” (EN 70).

Un campo fundamental da vida pública está constituído polo terreo da política e da economía. Non é necesario insistir na responsabilidade do cristián nestes ámbitos, pois hai suficientes instrucións ao respecto do maxisterio papal e episcopal. Pero non podemos deixar de valorar como unha moi nobre vocación do segrar cristián o exercicio activo da política, para colaborar na tarefa humanizadora da Igrexa e para dar testemuño de compromiso honrado polo ben común.

Non só a nivel individual, senón tamén con frecuencia as parroquias e outras instancias eclesiais son chamadas a traballar polo ben común, sexa en colaboración das institucións civís, sexa para suplir as súas carencias. En todo o que sexa posible sen renunciar aos propios principios débese fomentar esa colaboración, pero sen hipotecar nunca a propia liberdade para, cando sexa preciso, denunciar as situacións inxustas.

Todos estamos chamados ao traballo, xa que nel nos realizamos, nel progresamos en sentido material, moral e espiritual. Por iso, o acceso ao traballo debería ser un obxectivo prioritario (CV 32). Sen embargo, resulta ser un ben escaso e, con frecuencia, pouco digno. De aquí derívase en gran parte a pobreza (cf. CV 63). Outro mal desgraciadamente de moda é tamén a precariedade laboral, causa de sufrimento entre os traballadores (cf. AL 25). “Deixar de inverter nas persoas para obter un maior réditto inmediato é moi mal negocio para a sociedade” (LS 128).

Algúns grupos sinodais propuxeron que a Igrexa sexa parte activa no mercado laboral, algo que poderían realizar algunhas organizacións eclesiais, na medida das súas posibilidades, a través de diversas iniciativas: cedendo para o seu cultivo terreos abandonados, ofrecendo bolsas de emprego a través de Cáritas, organizando escolas-taller, etc. Tamén pediron que a Igrexa dea exemplo de austeridade, evitando luxos ostentosos e innecesarios nos actos organizados por ela.

Non podemos esquecer a importancia do campo da educación. É necesario fomentar a todos os niveis o diálogo entre a fe e a cultura, e non só dentro da área específica da Ensinanza Relixiosa Escolar. É verdade que hoxe o aspecto relixioso, e máis especificamente o cristián, parece ter pouca cabida no ámbito educativo, e atopa con frecuencia un

rexeitamento que pode ir dende a indiferenza ata unha aberta hostilidade. Os profesores cristiáns (e non só os de relixión) han de ser testemuñas dunha fe coherente tamén nese ambiente, tanto entre os alumnos como ante os seus compañeiros docentes. Polo que respecta aos profesores de relixión, deben asumir con maior motivo ese compromiso, que poderíamos chamar vocacional, en canto portadores dunha misión recibida da Igrexa.

Mención particular merece o mundo universitario. O territorio da nosa diocese alberga dúas universidades públicas e un campus dunha terceira. A pesar de todas as dificultades que entraña a evanxelización dese mundo, hai que valoralo como un espazo no que desenvolver as relacións fe-cultura.

Dentro do específico da nosa diocese, hai que sinalar a extraordinaria importancia do Camiño de Santiago, polo que a nosa Igrexa compostelá é universalmente coñecida. Camiño de espiritualidade e non poucas veces de conversión, de busca e de encontro, encerra, ademais, nas súas diversas rutas, unha enorme riqueza cultural, tanto polas súas manifestacións artísticas como polo feito de reunir a persoas procedentes de múltiples países. Hai que apreciar positivamente todas as iniciativas que sirvan para fomentar esa riqueza cultural, sempre que non supoñan unha perda ou un escurecemento da súa principal función, que é a espiritual.

Outro modo de presenza na vida pública é a través dos medios de comunicación. Por eles, os feitos convértense en noticia, é dicir, en algo que se coñece. Pero, ademais diso, son tamén moitas veces creadores ou portavoces de opinión, non sempre independente dunha liña editorial determinada.

O modo no que as novas se difunden hoxe en día cambiou moito respecto a hai só unha xeración. Non hai practicamente fogar no que non teña entrado a televisión. Pero o que no noso presente máis modificou radicalmente o mundo da comunicación é, sen dúbida, internet. A presenza da Igrexa nos medios de comunicación e as redes sociais non sempre é a desexable, nin en canto á forma nin respecto ao contido. Aínda que nalgúns casos pode ser debido á hostilidade ideolóxica ou á busca comercial do detalle morboso, habemos de recoñecer que non sempre é responsabilidade dos medios e das redes. Dende os grupos sinodais fíxose chegar o interese por potenciar a presenza da nosa diocese nos medios, desenvolvendo os propios e promovendo o rostro evanxelizador e caritativo ante os demais. Suxeriuse mesmo a posibilidade de contar cun *community manager* ou figura afín, é dicir, un profesional responsable de xestionar e administrar con competencia e dedicación total en internet a visibilidade da diocese compostelá.

O discernimento cristián

Moitas das consideracións chegadas dende os grupos sinodais manifestaban, dun xeito ou doutro, as dificultades que se lle presentan hoxe en día ao cristián en terreos como a cultura ou a ética, dous dos ámbitos nos que con máis forza se poden apreciar os retos do presente á fe cristiá, sobre todo nos modos nos que tradicionalmente se viviu.

Habemos de potenciar o dinamismo do discernimento e a deliberación prudencial, algo que queda aínda máis claro ao ler atentamente a exhortación apostólica do Papa Francisco *Amoris laetitia*. Ao subliñar que “a misericordia é a plenitude da xustiza e a manifestación máis luminosa da verdade de Deus” (AL 311), sinala que “isto nos outorga un marco e un clima que nos impide desenvolver unha fría moral de escritorio ao falar sobre os temas máis

delicados, e nos sitúa máis ben no contexto dun discernimento pastoral cargado de amor misericordioso, que sempre se inclina a comprender, a perdoar, a acompañar, a agardar, e sobre todo a integrar” (AL 312).

A xustificada cautela por non caer en erros doutrinais non avala o medo a mancharnos co barro do camiño. Habemos de preocuparnos tamén por ser fieis a este camiño luminoso de vida e de sabedoría: “se ben é verdade que hai que coidar a integridade da ensinanza moral da Igrexa, sempre se debe poñer especial coidado en destacar e alentar os valores máis altos e centrais do Evanxeo, particularmente o primado da caridade como resposta á iniciativa gratuíta do amor de Deus” (AL 311).

No centro do noso esforzo pastoral habemos de poñer sempre a escoita atenta dos demais, particularmente dos non crentes. E xunto a ela, a caridade, tal e como nos di o Papa Francisco: “O kerigma ten un contido ineludiblemente social: no corazón mesmo do Evanxeo está a vida comunitaria e o compromiso cos outros. O contido do primeiro anuncio ten unha inmediata repercusión moral cuxo centro é a caridade” (EG 177).

Evidentemente, non é o momento para desenvolver aquí todas as graves cuestións sociais que afectan ao mundo actual. Nin este é un sínodo da Igrexa Universal nin as orientacións sinodais son un documento social ou un tratado de moral. Pero non podemos deixar de lembrar que o criterio que debe rexer a acción da Igrexa en xeral e a do crente en particular é a prioridade da persoa fronte a outras consideracións. Isto é aplicable tanto no aspecto económico como no respecto á vida.

“O Evanxeo da vida está no centro da mensaxe de Xesús”, afirmou san Xoán Paulo II (EV 1). “Por iso o home, o home vivente, constitúe o camiño primeiro e fundamental da Igrexa” (*ibid.* 2). Só respectando, defendendo, amando e servindo á vida atopará o ser humano a xustiza, o desenvolvemento, a liberdade verdadeira, a paz e a felicidade que tanto anhela. Debemos lembrar que a nosa misión non é só coidar ás persoas enfermas, senón “dar vida, e vida en abundancia” (Xn 10,10).

Forma parte tamén dese evanxeo da vida a defensa da persoa fronte a unha economía da exclusión e a iniquidade, unha economía que mata (cf. EG 53). “Da nosa fe en Cristo feito pobre, e sempre próximo aos pobres e excluídos, brota a preocupación polo desenvolvemento integral dos máis abandonados da sociedade” (EG 186).

Testemuñas ante o mundo da misericordia

Para rematar este breve prólogo ás disposicións sinodais en materia de cultura, sociedade, moral da vida e moral familiar, sirvan estas afirmacións extraídas da carta apostólica do Papa Francisco *Misericordia et misera*:

“Necesítanse testemuñas da esperanza e da verdadeira alegría para desfacer as quimeras que prometen unha felicidade doada con paraísos artificiais (...) Non fagamos entristecer ao Espírito, que sempre indica novos vieiros para percorrer e levar a todos o Evanxeo que salva (...) É o momento de deixar paso á fantasía da misericordia para dar vida a tantas iniciativas novas, froito da graza (...) Esforcémonos entón en concretar a caridade e, ao mesmo tempo, en iluminar con intelixencia a práctica das obras de misericordia. Esta posúe un dinamismo inclusivo mediante o cal se estende en todas as direccións, sen límites. Neste senso, estamos

chamados a darlle un rostro novo ás obras de misericordia que coñecemos de sempre. En efecto, a misericordia excédesese; sempre vai máis aló, é fecunda” (nn. 3. 5. 18. 19).

É unha mensaxe tan clara, tan directa, tan simple e elocuente, que ningunha hermenéutica ten dereito a relativizala. A reflexión sinodal ha de axudar a asumir con valentía e fervor o reto de facer de nós, da nosa Igrexa, testemuñas e instrumentos da misericordia. Esta misericordia, que a Igrexa, nas súas institucións e nos seus membros, se sente chamada a exercer cara a todas as persoas, hase de manifestar de xeito particularmente delicado cara a quen máis sofre, como os pobres, os enfermos, os encarcerados, os que tiveron que abandonar os seus países en busca de pan ou de seguridade e os que viven situacións familiares de ruptura ou abandono.

DISPOSICIÓNS E ORIENTACIÓNS PASTORAIS

179. Toda a acción pastoral da nosa diocese nun ámbito tan sensible como o referido ás relacións da Igrexa coa sociedade e a cultura debe estar presidida sempre polo carácter propositivo, a capacidade de escoita e diálogo, a virtude da prudencia e a competencia profesional.
180. Estudárase a posibilidade e conveniencia de crear un órgano diocesano para a análise e a promoción do diálogo interreligioso.
181. Úrxese a todos os cristiáns e ás institucións diocesanas a multiplicar, tanto individual como colectivamente, xestos concretos que expresen de forma clara e decidida o seu compromiso cos máis febles, vulnerables e aflixidos deste mundo.
182. Promóvase e poténciese a participación activa dos cristiáns na vida social, cultural e política, ocupando os espazos e lugares públicos que lles corresponden como cidadáns, e non circunscibíndose exclusivamente aos ambientes eclesiais.
183. A diocese informará puntualmente aos sacerdotes e outros axentes sobre os cambios legais que poidan influír na vida parroquial e diocesana, particularmente no referente á protección de datos.
184. Tentárase poñer en valor aquelas propiedades diocesanas non utilizadas nin útiles, poñéndooas ao servizo dos máis necesitados, tras un exame detallado da viabilidade desta medida en cada caso.
185. A Igrexa non só anuncia unha doutrina social, senón que se compromete a cumprila e a dar exemplo diso. Cóidese, polo tanto, con esmero o cumprimento de toda a normativa no referente a contratación laboral, obrigas fiscais e en materia de seguridade social.
186. Fortalezan as parroquias e unidades pastorais o seu compromiso en favor da difusión, coñecemento e afondamento da Doutrina Social da Igrexa, organizando accións formativas neste terreo, polo menos a nivel de arciprestado ou zona pastoral.
187. Neste senso, para difundir tamén unha maior conciencia e responsabilidade no coidado da creación, nos ámbitos mencionados no número anterior deberíase promover o coñecemento da encíclica *Laudato si'*, polo menos mediante a exposición experta dos seus puntos fundamentais.
188. Foméntese a formación político-social dos nosos diocesanos. Unha canle moi útil para iso podería ser a creación dentro do Instituto Teolóxico Compostelán dunha escola ou unha cátedra dedicada de xeito particular e estes estudos.
189. Polo que respecta á educación relixiosa escolar, estableceranse e aplicaranse criterios claros e esixentes para recibir a *missio* por parte da Igrexa.

190. Revisaranse con criterios pastorais os motivos para confiar a algúns sacerdotes o encargo de impartir clases de relixión.
191. A Delegación diocesana de Pastoral Universitaria fomenta actividades de formación cristiá dirixidas tanto a profesores como a estudantes.
192. É desexable a colaboración entre a Delegación diocesana de Pastoral Universitaria e o Instituto Teolóxico Compostelán e o Instituto Superior Compostelán de Ciencias Relixiosas para organizar charlas e conferencias nas que se aborden os diversos aspectos da relación entre a fe e a cultura.
193. Poténciese a colaboración da Catedral coas parroquias con tránsito frecuente de peregrinos para acometer iniciativas que desenvolvan os aspectos espiritual, pastoral e cultural do Camiño.
194. É preciso fortalecer a Delegación diocesana de Medios de Comunicación, dende os criterios de eficiencia profesional.
195. As páxinas web diocesanas haberán de ser verdadeiras canles eficaces de comunicación entre a diocese e os diocesanos, e haberán de ofrecer información clara e actualizada sobre os servizos que ofrece a propia diocese. Solicítase, así mesmo, que todas as parroquias ou unidades pastorais colaboren neste proxecto comunicando os seus horarios e actividades. As páxinas web non se limitarán a ofrecer información, senón que serán interactivas e con outros contidos que tamén resulten interesantes para os diocesanos.
196. A presenza habitual de cuestións científicas nos medios de comunicación obriga a dispoñer dun grupo de expertos que con rigor científico e habilidade comunicativa poidan actuar como voceiros da diocese nestes debates públicos.
197. As situacións de ruptura familiar así como as actuais dificultades culturais para asumir perdas e os falecementos están a incrementar os dós patolóxicos, as depresións, o sentimento de soidade e a sensación de baleiro existencial. Todo iso require unha resposta próxima, profesional e de calidade por parte da comunidade católica.
198. Débese esmerar a preparación en psicoloxía pastoral de quen se prepara para exercer o ministerio sacerdotal, seguindo, entre outras, as pautas que marca a exhortación apostólica *Amoris laetitia*. De igual xeito, sería moi conveniente a difusión e presentación da devandita exhortación ao longo de todo a xeografía diocesana.
199. O Centro de Orientación Familiar Diocesano debe gañar en visibilidade e accesibilidade. Ábranse novas sedes onde sexa posible e foméntese a creación de grupos de escoita.
200. No referente aos servizos relixiosos dos nosos hospitais, é preciso coidar con extrema atención a selección e formación dos axentes de pastoral que van traballar neles, que non necesariamente teñen que ser todos eles sacerdotes.
201. Préstese particular atención á pastoral penitenciaria, comezando dende a prevención da delincuencia mediante a educación e a loita contra as desigualdades sociais, pasando pola formación e a evanxelización dos internos, ata a promoción de mecanismos de inclusión e reinserción.
202. Foméntese, tanto no Instituto Teolóxico como na xeografía diocesana, o estudo da Bioética, con cursiños e xornadas nas que interveñan persoas competentes no tema.